



Concello de Gondomar

PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS GONDOMAR



MARZO 2019

Enxeñeira Técnica Forestal
Colexiada nº 991 do COETFG
Andrea Michèle Rosario Fauré

ÍNDICE

I MEMORIA

1 ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN	4
2 OBXECTIVOS	4
3 ÁMBITO TERRITORIAL	4
3.1 SITUACIÓN, LÍMITES E SUPERFICIES	4
3.2 PARROQUIAS E NÚCLEOS DE POBOACIÓN	6
3.3 ANÁLISE SOCIOECONÓMICO	12
Poboación	12
Sector económico	12
Actividades de lecer	13
Espazos de uso públicos	15
Actividades lúdico-festivas	15
Réxime de propiedade	17
3.4. DESCRICIÓN XEOGRÁFICA	18
Usos do solo	18
Orografía	20
Climatoloxía	20
Hidroloxía	21
Vexetación	22
Fauna	23
Distribución espacial dos combustibles (caracterización do ecosistema forestal)	23
4 ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL	26
4.1 NORMATIVA E PLANIFICACIÓN SECTORIAL QUE AFECTA	26
Lexislación	26
Normas municipais	28
Planificación sectorial	28
Réxime de protección	29
Outros	29
PLADIGA (Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia)	29
PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE DISTRITO XVIII	29
PLAN DE EMERXENCIA MUNICIPAL (PEMU)	31
PLANS DE ORDENACIÓN DE MONTES	31
4.2 RISCO DE INCENDIO	33
4.2.1 Análise estatística	33
4.2.2 Diagnose de situacións conflitivas	36
4.2.3 Puntos potencialmente perigosos	42
4.2.4 Épocas de perigo (En base á meteoroloxía)	46
4.2.5 Interface urbano – forestal	48
4.3 ZONIFICACIÓN DO TERRITORIO	49
Zona de actuación, en base ás competencias municipais	49
Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa	50
5 ACTUACIÓNS PREVISTAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS	53
5.1 ACTUACIÓNS SOBRE O TERRITORIO	53
5.1.1 Control de combustible	53
5.1.2 Proposta de actuación nos terreos de titularidade Municipal	54
5.2. ACTUACIÓN SOBRE A POBOACIÓN	55
5.3 PLAN DE INVESTIGACIÓN	58

5.4 PLAN DE EXTINCIÓN	58
6 MEDIOS PARA PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS	58
6.1 INFRAESTRUTURA DE VIXILANCIA.....	58
6.2 INFRAESTRUTURAS DE DEFENSA.....	59
6.2.1 Áreas cortalume.....	59
6.2.2 Rede viaria forestal.....	59
6.2.3 Rede de hidrantes municipais.....	59
6.2.4 Rede de puntos de auga	59
6.3 MEDIOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN	61
6.3 ESTRUTURA ORGANIZATIVA E PROCEDEMENTOS OPERATIVOS	61
7 ANÁLISE ECONÓMICA E FINANCEIRA	64
9 CONTROL DO PLAN	64
9.1 AVALIACIÓNS.....	65
9.2 REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN	65
REXISTRO DE LUMES	68
PUNTOS DE AUGA.....	78
HIDRANTES NO CONCELLO DE GONDOMAR.....	101
MEDIOS DE PREVENCIÓN COAS QUE CONTA O CONCELLO	105
PARCELAS MUNICIPAIS QUE PRECISAN ACTUACIÓNS	107
ORDENANZA MUNICIPAL DA XESTIÓN DA BIOMASA	116
REFERENCIAS CATASTRALIS PARECELAS AFECTADAS POLA XESTIÓN DA BIOMASA (ACHÁGASE EN FORMATO DIXITAL).....	118
REPORTAXE FOTOGRÁFICA	120
CATÁLOGO DE XACEMENTOS NO CONCELLO DE GONDOMAR	126

II ANEXOS

1 REXISTRO DE LUMES	
2 PUNTOS DE AUGA	
3 HIDRANTES NO CONCELLO DE GONDOMAR	
4 MEDIOS DE PREVENCIÓN COS QUE CONTA O CONCELLO	
5 PARCELAS MUNICIPAIS QUE PRECISAN ACTUACIÓNS	
6 ORDENANZA MUNICIPAL DA XESTIÓN DA BIOMASA	
7 REFERENCIAS CATASTRALIS PARECELAS AFECTADAS POLA XESTIÓN DA BIOMASA (Achágase en formato dixital)	
8 REPORTAXE FOTOGRÁFICA	
9 CATÁLOGO DE XACEMENTOS NO CONCELLO DE GONDOMAR	

III PLANOS

1 LOCALIZACIÓN

2 TOPOGRÁFICO

3 ALTUTIDES E ORIENTACIÓNS

4 PENDENTES

5 REDES DE FAIXAS

6 ZONIFICACIÓN

7 LIMITACIÓNS Á XESTIÓN DA BIOMASA

8 HIDRANTES E BOCAS DE REGO

1 ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

Dende as últimas décadas, os incendios forestais constitúen un grave problema na comunidade galega, acentuándose, nos últimos anos debido ao cambio climático: anos pouco chuviosos, cuantiosas precipitacións en curtos períodos de tempo, forte ventos,... Todos estes factores sumados ao estado dos combustibles no monte, provocan situacións propicias para o comezo e propagación dos incendios forestais.

Para maior gravidade, os incendios forestais xa non se acentúan durante os meses estivais senón que ocorren con gran intensidade durante case todo o ano. Os incendios provocan grandes danos no territorio forestal pero tamén nos núcleos de poboación e mesmo nas persoas.

No caso do concello de Gondomar case a totalidade da súa superficie, é considerada zona forestal ou zona de influencia forestal, o que acentúa o problema dos posibles incendios forestais no municipio.

Un problema engadido é o desenvolvemento urbanístico no municipio. Hai vivendas que foron comendo terreo a lugares de vexetación arbórea pero tamén moitas repoboacións empregaron parcelas agrícolas para a súa expansión, para medrar as producións de madeira nos terreos fértiles que empregaban os gandeiros para o pasto. Toda esta situación provoca a ampla interface urbano-forestal tan perigosa, polo que unha boa xestión da biomasa desta zona axudará a mitigar os incendios ou no caso de producirse diminuír a súa perigosidade.

2 OBXECTIVOS

O presente Plan persegue proporcionar ao concello de Gondomar dun instrumento para poder coñecer o estado do municipio en materia de prevención e defensa contra incendios forestais. Así como, identificar a superficie na que é preciso realizar a xestión da biomasa para previr e defender o municipio en caso de incendio forestal e as medidas para reducir o inicio de ditos incendios ou diminuír os seus efectos en caso de producirse.

A partir dos datos obtidos das diferentes administracións, o plan queda como segue.

3 ÁMBITO TERRITORIAL

O marco xeográfico obxecto do presente Plan Municipal e Defensa Contra Incendios Forestais é o CONCELLO DE GONDOMAR, quedando demarcado dentro do distrito forestal XVIII Vigo-Baixo Miño, localizado ao suroeste da provincia de Pontevedra. E a súa vez na demarcación....

3.1 Situación, límites e superficies.

A vila de Gondomar, concello da provincia de Pontevedra, está situada no Val Miñor, no extremo sur occidental de Galicia, un territorio, á vez, exuberante na súa natureza pero humanizado e acolledor.

Limita ao norte con Vigo e Nigrán, ao oeste con Baiona, ao leste con Porriño e Tui e ao sur con Tomiño.

A súa ampla extensión (74,5 quilómetros cadrados) ofrécenos unha grande variedade de paisaxes e habitats: desde os rochosos escarpes da Serra do Monte Galiñeiro, pasando por fragas

como a de Oliveira, brañas como a de Chan do Cereixo, ribeiras do Grova e Miñor ata as xunqueiras do esteiro do Miñor.


Límites:

- Norte: concello de Vigo e Nigrán.
- Leste: concellos de Tui, Vigo e Porriño.
- Sur: concellos de Tui e Tomiño.
- Oeste: concellos de Nigrán e Baiona.



Na elaboración dos planos deste Plan de incendios, empregaranse os límites territoriais que se atopan no catastro máis non corresponden exactamente co límite plano do IGN 1:25.000, desta maneira poderase facer coincidir con maior facilidade os datos obtidos na administración para a elaboración do plan.

Sen embargo, hai que indicar que os límites ben definidos das parroquias do concello de Gondomar son as que veñen trazados no Mapa de parroquias de Galicia do ano 1979 da Universidade de Santiago de Compostela.



Mapa de parroquias de Galicia

3.2 Parroquias e núcleos de poboación.

Son dez as parroquias que compoñen o concello de Gondomar. Cada parroquia está formado por núcleos de poboación e por barrios.

Fíxose un esforzo por valorar a toponimia do municipio e recuperar nomes que foron mudando por diversos motivos. Neste traballo contouse coa colaboración do Instituto de Estudos Miñoráns e especialmente co arqueólogo Xosé Lois Vilar Pedreira. Porque, tan importante é conservar o patrimonio tanxible coma o é conservar e valorar a toponimia que forma parte do patrimonio inmaterial que posúe o concello de Gondomar.

Tralo estudo de toponimia pertinente, os nomes dos barrios do concello de Gondomar agrupados por parroquias distribúense da seguinte maneira:

NOME PARROQUIA	NOME NUCLEOS RURAIS	NOME BARRIOS (Toponimia corrixida)
Borreiros (San Martiño de)		O Aciquelo
Borreiros (San Martiño de)	A Balada	A Valada
Borreiros (San Martiño de)		A Bandeira
Borreiros (San Martiño de)	Borreiros	Borreiros
Borreiros (San Martiño de)		Os Boucelos
Borreiros (San Martiño de)	Burgovedro	O Burgovedro
Borreiros (San Martiño de)		Cabaleiros
Borreiros (San Martiño de)	O Castro	O Castro
Borreiros (San Martiño de)	O Cruceiro	O Cruceiro

Borreiros (San Martiño de)	Esparela	A Esparela
Borreiros (San Martiño de)	Guntín	Guntín
Borreiros (San Martiño de)	Lousado	O Lousado
Borreiros (San Martiño de)	Monteiro	O Monteiro
Borreiros (San Martiño de)	Oliveira	A Oliveira
Borreiros (San Martiño de)		As Regadas
Borreiros (San Martiño de)	San Martiño	San Martiño
Borreiros (San Martiño de)		O Seixo
Borreiros (San Martiño de)	Telleiro	O Telleiro (Borreiros e Donas)
Borreiros (San Martiño de)	Telleiro Sur	O Telleiro Sur
Borreiros (San Martiño de)		A Tomada
Borreiros (San Martiño de)		A Xunqueira

Donas (Santa Eulalia de)		Aburlido
Donas (Santa Eulalia de)		O Alcóucér
Donas (Santa Eulalia de)	Areoso-Cruz (Donas e Mañufe)	A Areosa
Donas (Santa Eulalia de)	A Barcalla	A Barcalla
Donas (Santa Eulalia de)	A Barga	A Barga
Donas (Santa Eulalia de)		As Barreiras
Donas (Santa Eulalia de)	O Cruceiro	O Cruceiro
Donas (Santa Eulalia de)		A Estrada
Donas (Santa Eulalia de)		O Estripeiro
Donas (Santa Eulalia de)		O Meixón
Donas (Santa Eulalia de)		A Miranda
Donas (Santa Eulalia de)		O Mosteiro
Donas (Santa Eulalia de)	Nogueira	A Nogueira
Donas (Santa Eulalia de)	O Pereiro	O Pereiro
Donas (Santa Eulalia de)	San Cibrán	San Cibrán
Donas (Santa Eulalia de)	Sermán	A Sermán
Donas (Santa Eulalia de)		O Sobreiro
Donas (Santa Eulalia de)	Souto	O Souto
Donas (Santa Eulalia de)		O Telleiro (Borreiros e Donas)

Mañufe (San Vicente de)		O Barco
Mañufe (San Vicente de)		O Campo das Bestas
Mañufe (San Vicente de)	A Costa	A Costa
Mañufe (San Vicente de)	Cristillón	Cristillón
Mañufe (San Vicente de)		A Cruz
Mañufe (San Vicente de)	Fontán	Fontán
Mañufe (San Vicente de)	Galisteo	Galisteo
Mañufe (San Vicente de)	Goldra	A Goldra
Mañufe (San Vicente de)	Lameiro	O Lameiro

Mañufe (San Vicente de)	Moreira	A Moreira
Mañufe (San Vicente de)	Nande	Nande
Mañufe (San Vicente de)	Penalba	Penalba
Mañufe (San Vicente de)	Piquetes	Piquetes
Mañufe (San Vicente de)		A Ponte
Mañufe (San Vicente de)	Portavedra	A Portavedra
Mañufe (San Vicente de)		A Pousada
Mañufe (San Vicente de)		O Rapadouro
Mañufe (San Vicente de)	San Andrés	Santo André
Mañufe (San Vicente de)		San Brais
Mañufe (San Vicente de)		San Sebastián
Mañufe (San Vicente de)	Seidóns	Seidóns
Mañufe (San Vicente de)	Sequiña	A Sequiña
Mañufe (San Vicente de)	Texosa Alta	A Texosa
Mañufe (San Vicente de)	Texosa de carretera	

Gondomar (San Benito)		O Abelar
Gondomar (San Benito)		A Ameixeira
Gondomar (San Benito)	Antime	Antime
Gondomar (San Benito)	Áspera	A Áspera
Gondomar (San Benito)	Bade	Bade
Gondomar (San Benito)		O Bravo
Gondomar (San Benito)		Caxide
Gondomar (San Benito)	Cotro	O Cotro
Gondomar (San Benito)		A Estrada
Gondomar (San Benito)		Gondomar
Gondomar (San Benito)		Martín
Gondomar (San Benito)	Picoto	O Picoto
Gondomar (San Benito)		Randufe
Gondomar (San Benito)	Raposeira	A Raposeira
Gondomar (San Benito)	Rasas	As Rasas
Gondomar (San Benito)		O Ripote
Gondomar (San Benito)	Sequeirós	Sequeirós
Gondomar (San Benito)	Toucido	O Toucido
Gondomar (San Benito)		A Feira de/da Doce

Vilaza (Santa María de)	A Areiña	A Areiña
Vilaza (Santa María de)	O Barreiro	O Barreiro
Vilaza (Santa María de)	Carrasquedo de Abaixo	O Carrasquedo de Abaixo
Vilaza (Santa María de)		O Carrasquedo de Arriba
Vilaza (Santa María de)	Fontela	Fontela
Vilaza (Santa María de)	A Igrexa	A Igrexa
Vilaza (Santa María de)	Lourido	Lourido

Vilaza (Santa María de)		Pampillón
Vilaza (Santa María de)		O Portelo
Vilaza (Santa María de)		O Río
Vilaza (Santa María de)		A Rochela
Vilaza (Santa María de)	As Tercias	As Tercias
Vilaza (Santa María de)	As Vendas	As Vendas
Vilaza (Santa María de)		Vilarés

Couso (San Cristobal)	A Bastida	A Bastida
Couso (San Cristobal)		A Fraga
Couso (San Cristobal)		O Lugar
Couso (San Cristobal)		A Pedreira
Couso (San Cristobal)		A Portela
Couso (San Cristobal)		A Torre
Couso (San Cristobal)	Bandeiriñas	As Bandeiriñas
Couso (San Cristobal)	Vacarías	As Vacarías
Couso (San Cristobal)		
Couso (San Cristobal)	Os Remedios	Os Remedios
Couso (San Cristobal)		As Laxes
Couso (San Cristobal)		As Boucías
Couso (San Cristobal)		A Terra do Rei
Couso (San Cristobal)		A Feira
Couso (San Cristobal)		As Fonteiriñas

Chaín (Santa María de)	O Fouco	Fouco
Chaín (Santa María de)		A Igrexa
Chaín (Santa María de)	Loureiro	O Loureiro
Chaín (Santa María de)	A Mourisca	A Mourisca
Chaín (Santa María de)	Paraboa	A Paraboa
Chaín (Santa María de)	O Pedrouco	O Pedrouco
Chaín (Santa María de)	Pintor	Pintor
Chaín (Santa María de)	Regodagua	Regodagua
Chaín (Santa María de)	Torre	A Torre
Chaín (Santa María de)	Zapa	Zapa
Chaín (Santa María de)	O Castelo	O Castelo
Chaín (Santa María de)		O Couto
Chaín (Santa María de)		Marán
Chaín (Santa María de)		A Presa
Chaín (Santa María de)		A Seara

Peitieiros (San Miguel)	Area Sur	A Area
Peitieiros (San Miguel)	Area Norte	
Peitieiros (San Miguel)		Os Barreiros
Peitieiros (San Miguel)	Fonte Norte	A Fonte
Peitieiros (San Miguel)	A Gándara	A Gándara

Peiteiros (San Miguel)	A Gándara Este	(A Gándara Leste)
Peiteiros (San Miguel)		Os Muíños Novos
Peiteiros (San Miguel)	Peroleira Norte	A Peroleira
Peiteiros (San Miguel)	Peroleira Sur	
Peiteiros (San Miguel)	Piñeiro	Piñeiro
Peiteiros (San Miguel)		Os Amados

Vincios (Santa Marina de)	Os Arcos	Os Arcos
Vincios (Santa Marina de)	Brandufe	Brandufe
Vincios (Santa Marina de)	Casás	Os Casás
Vincios (Santa Marina de)	A Cernada	A Cernada
Vincios (Santa Marina de)	Figueiró	Figueiró
Vincios (Santa Marina de)	A Fraga	A Fraga
Vincios (Santa Marina de)	Guisande	Guisande
Vincios (Santa Marina de)	Hervillás	Os Ervillás de Riba
Vincios (Santa Marina de)		A Pasaxe
Vincios (Santa Marina de)	Piñeiro	Piñeiro
Vincios (Santa Marina de)	A Rocha	A Rocha
Vincios (Santa Marina de)	O Salgueiro	O Salgueiro
Vincios (Santa Marina de)		A Serra
Vincios (Santa Marina de)		O Tumbio
Vincios (Santa Marina de)	Xián	Xián
Vincios (Santa Marina de)		Os Ervillás de Baixo
Vincios (Santa Marina de)		O Covelo
Vincios (Santa Marina de)		A Resteba
Vincios (Santa Marina de)		A Atalaia
Vincios (Santa Marina de)		O Outeiro

Morgadães (Santiago de)		A Abelosa
Morgadães (Santiago de)		Baralla
Morgadães (Santiago de)	Batizosa	A Batizosa
Morgadães (Santiago de)		O Camiño Branco
Morgadães (Santiago de)	A Carballa	Os Carballás
Morgadães (Santiago de)		A Carballeira
Morgadães (Santiago de)		As Entreasviñas
Morgadães (Santiago de)	Gonda	Gonda
Morgadães (Santiago de)	Guillufe	Guillufe
Morgadães (Santiago de)		Gulfar
Morgadães (Santiago de)		Os Ervillás
Morgadães (Santiago de)	Lago	O Lago
Morgadães (Santiago de)		Murxido
Morgadães (Santiago de)		Os Padróns
Morgadães (Santiago de)	A Pedra	A Pedra
Morgadães (Santiago de)		O Picouso
Morgadães (Santiago de)	Prado	Prado

Morgadães (Santiago de)	San Roque	San Roque
Morgadães (Santiago de)	Vilas	Vilas
Morgadães (Santiago de)		Viñó
Morgadães (Santiago de)		Xende
Morgadães (Santiago de)		A Cerdeira
Morgadães (Santiago de)		Campo Grande

Fonte: Elaboración propia a partir do estudo do Instituto de Estudos Miñoráns.

Na concellaría de Urbanismo trabállase na delimitación de núcleos rurais, no momento da realización de dito Plan, son varios os núcleos que están en trámites para ser aprobados pola consellaría, indicados a continuación:

Delimitación de núcleos en trámite de aprobación:

NOME NÚCLEO	PARROQUIA	DATA INICIO TRÁMITES	OBSERVACIÓNS
A MOURISCA	CHAÍN	2016	
SAN ROQUE	MORGADÁNS	2016	
A ROCHELA	VILAZA	2018	ESTADO INICIAL
MOSTEIRO	DONAS	2018	ESTADO INICIAL
A CARBALLA	MORGADÁNS	2016	
O CRUCEIRO	DONAS	2016	
O TELLEIRO	BORREIRO/DONAS	2016	

Núcleos rurais aprobados recentemente:

NOME NÚCLEO	PARROQUIA	DATA INICIO TRÁMITES	APROBACIÓN	OBSERVACIÓNS
PRADO	MORGADÁNS	2016	2018	742/2016
CAMPO GRANDE	MORGADÁNS	2016	2018	656/2016
PENALBA	MAÑUFE	2016	2018	586/2016

Aínda que a efectos urbanísticos os seguintes núcleos están en proceso de tramitación as súas delimitacións na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, algúns destes núcleos de poboación incluíranse como tales na elaboración das redes de faixas secundarias da xestión da biomasa. Os núcleos incluídos son os tramites comezados en 2016 e considerados de aprobación máis eminente: A Mourisca, San Roque, A Carballa. Os núcleos non incluídos son aqueles no que o trámite foron iniciados a finais do ano 2018: A Rochela, Mosteiro.

Trala entrada en vigor do Plan Básico Autonómico o 22 outubro do 2018, os núcleos rurais comprenden o solo de núcleo rural tradicional e solo de núcleo rural común. No caso do solo urbano en Gondomar existe neste momento: solo urbano consolidado e o solo urbano non consolidado.


3.3 Análise Socioeconómico

Poboación

Gondomar conta cunha superficie de 74,5 km² e ten unha poboación de 14.233 habitantes, o que supón 191 habitantes por km². A maior concentración desa poboación atópase no casco urbano, na parroquia de San Bieito de Gondomar, e nos núcleos de poboacións das parroquias de Santa Mariña de Vincios, Santa Baia de Donas e San Vicente de Mañufe. A estrutura demográfica actual presenta unha acentuación nos intervalos de 35 a 45 anos tanto en homes como en mulleres.

Nas últimas décadas moitas persoas mudaron o seu domicilio da grande cidade, como pode ser Vigo, e elixiron os concellos do Val Miñor para adquirir a súa vivenda. Nesa época, en Gondomar construíuse moita vivenda nova o que fixo atractiva esta decisión.

No seguinte gráfico expónse a poboación de Gondomar segundo sexo e grupos de idade, referidos ao ano 2017:




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

Sector económico

En canto as actividades económicas, na gráfica aparecen os porcentaxes da poboación activa. Sendo o sector servizos o que maior porcentaxe ten seguido do sector da construción, da industria e de agricultura e pesca no último lugar.

Estes datos refírense ao ano 2016.




Fonte: Elaboración propia con datos do Instituto Galego de Estatística.


Actividades de lecer

O amplo territorio forestal do municipio é propicio para a práctica de numerosos deportes: escalda, senderismo, equitación, motocross, bicicleta de montaña... entre moitos outros.

Sendeirismo

Moitas son as rutas sinaladas e incluídas na Federación Galega de Montañismo. Estas son algunhas delas:





PR-G1 Galiñeiro

Circular dende A Pasaxe



PR-G2 Aloia

Partida: Refuxio Miguel Regueira Chegada:
Monte Aloia

Recentemente, presentouse no concello de Gondomar, o libro - guía “PERCORRIDO POLO PATRIMONIO CULTURAL DE GONDOMAR” da man de Antonio Soliño Troncoso e Juan Chamorro Sanromán. Sen dúbida unha moi boa proposta para gozar do patrimonio cultural do concello da que tamén se pode ampregar unha versión dixital.

A actividade cinexética no municipio de Gondomar dase en dous tecores.

CÓDIGO	NOME	TITULAR	CONCELLOS	
PO-10.080	Tui-Gondomar	Sociedade La Gondomarense e Sociedade Tudense	Tui e Gondomar	Guillarei, Paramos, Baldráns, Caldas de Tui, Ponar do Rei
PO-10.161	Serra do Galiñeiro	Sociedade Serra do Galiñeiro	Gondomar, O Porriño e Mos	2376 ha Parroquias: Morgadães, Vincios, Erville

COUTO de pesca para a tempada 2019

NOME	LÍMITE SUPERIOR	LÍMITE INFERIOR	LONXITUDE
Río Miñor. Couto de Gondomar	Fervenza da Torre de Chaín	A Ponte de Xunqueira. Concello de Nigrán	6,9 km
Río Miñor. Zona Reo	Fervenza da Torre de Chaín, límite superior do couto de Gondomar.	A Ponte da Xunqueira, límite inferior do couto de Gondomar e superior da zona de desembocadura. Concello de Nigrán	11 km contando os afluentes

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Espazos de uso públicos

No municipio existen numerosas áreas de recreo e zonas de descanso onde se producen concentracións de persoas de forma puntual. No apartado 4.2.3 *Puntos potencialmente perigosos* pódese consultar a relación de ditos espazos coa ubicación de cada un.

Actividades lúdico-festivas

Nalgunhas festividades e celebracións empréganse fogos artificiais ou cacharelas, estes artefactos pirotécnicos e fogueiras poden resultar un risco de incendio, acentuándose en períodos épocas de perigo alto de incendio forestal.

Na seguinte táboa, cítanse as festas que durante todo o ano se celebran no concello de Gondomar:

NOME DA FESTA	PARROQUIA	DATAS	TIPO DE FESTEXO	FOGOS ARTIFICIAIS
San Sebastián	Mañufe	20 xaneiro, na capela de San Sebastián do Portelo		
San Vicente	Mañufe	22 de xaneiro	Só actos relixiosos	
San Blas	Mañufe	3 febreiro, na parroquial	Romaxes e outras	
San Xosé	Morgadáns	19 de marzo, na capela de Prado	Romaxes e outras	SI
San Bieito	Gondomar	21 de marzo		
Serán	Peitieiros	MARZO-ABRIL	Actividade CCV	
Entroido	Peitieiros	MARZO-ABRIL	Actividade CCV	
Festa dos callos	Peitieiros	MARZO	Comisión de Festas	
Virxe de Fátima. Festa parroquial	Peitieiros	Fin de semana máis próximo ao 13 de maio. Alfombra de flores. Na parroquial	Romaxes e outras	SI
Conmemoración do 17 de maio	Peitieiros	17 de maio	Actividade CCV	
Ascensión	Couso	domingo de la Ascensión. Maio		
María Auxiliadora	Morgadáns	Último domingo de maio, na capela de Vilas.	Romaxes e outras	SI
Curro de Morgadáns	Morgadáns	3º domingo de xuño		
Curro de San Cibrán ou a Portavedra	Donas	4º domingo de xuño		
Festa de San Xoan	Peitieiros	23 de xuño	Actividade CCV	

PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GONDOMAR

Corpus Crhisti e San Antonio	Mañufe	XUÑO		SI
San Antonio e Corpus	Vilaza	Primeiro domingo de xullo	Romaxes e outras	SI
Festa da rosquilla-Festa gastronómica	Gondomar	1º fin de semana de xullo		
Curro do Galiñeiro	Vincios	2º domingo de xullo		
Santa Mariña	Vincios	A fin de semana do 18 de xullo	Festas patronais	
San Benito	Gondomar	11 xullo		SI
Festa veciñal	Peitieiros	Xullo	Actividade CCV Festas patronais, non sempre hai verbena	
Santiago Apóstolo	Morgadáns	25 DE XULLO		
San Cristovo	Couso	último domingo de xullo	Festas patronais	SI
Virxe do Libramento	Morgadáns	último domingo de xullo, na capela de San Roque	Romaxes e outras. Non sempre hai verbena	SI
Xurelo Asado- Festa gastronómica	Chaín	1º fin de semana de agosto		
Festival folclórico internacional de Peitieiros	Peitieiros	Penúltimo sábado do mes de agosto	Actividade CCV	
Asunción de María	Chaín	15 de agosoto	Actos relixiosos	
San Roque	Morgadáns	16 de agosto na capela de San Roque	Romaxes e outras	SI
Doce Nome de Xesús, "O Santo"	Donas	Último domingo de agosto na parroquial		SI
As delicias do porco-Festa gastronómica	Couso	2º fin de semana de agosto		
Virxe dos Milagres	Peitieiros	2º domingo de setembro		
A Virxe da Luz/Santa María	Vilaza	8 de setembro	Festa patronal	
a Virxe da Luz	Borreiros	8 de setembro	Romaxes e outras	SI
Virxe dos Milagres	Peitieiros	Fin de semana máis próximo ao 8 de setembro, na parroquial	Festa Parroquial Romaxe e outras	SI
San Cibrán	Donas	a semana do 16 de setembro na capela do santo	Romaxes e outras	SI
San Miguel	Peitieiros	29 setembro e día seguinte. Se cae en venres o 29 máis dous días seguintes	Festa Parroquial. Festa patronal	SI
Virxe das Mercés	Chaín	24 de setembro		SI
Samaín	Peitieiros	Outubro	Actividade CCV	
Magosto	Peitieiros	Novembro	Actividade CCV	
San André de Mañufe	Mañufe	30 de novembro na capela de Nande	Romaxes e Outras.	SI
San Martiño	Borreiros	11 de novembro	Festa patronal relixioso	SI
Conmemoración do nadal		Decembro - xaneiro	Actividade CCV	
Santa Lucía	Vincios	13 de Decembro na capela da Serra	Romaxes e outras	
Santa Baia	Donas	10 de decembro	Festa patronal	
Corpus Christi	Gondomar	sesenta días despois do domingo de Resurrección, na parroquial	Romaxes e Outras. Normalmente só actos relixiosos	
Encontro cabalar	Peitieiros		Actividade CCV	

Réxime de propiedade

O terreo forestal no concello de Gondomar supón o 71,35% do territorio do conxunto do municipio.


Son nove as comunidades de montes veciñais en man común no municipio e unha entidade local menor. No municipio non existen montes de titularidade pública. A continuación móstrase o número de hectáreas de cada comunidade e entidade:

NOME	NOME DOS MONTES	SUPERFICIE TOTAL (ha)	MONTES DE UTILIDADE PÚBLICA	TIPO DE XESTIÓN
MONTES DE VILAZA	“Monte Ciudad y Fonte dos Santos”	62,2	–	XESTIÓN PÚBLICA
MONTES DE BORREIROS	“La Pinceira” “La Xunqueira” “Cabaleiro e Outros”	109,67	–	XESTIÓN PRIVADA
MONTES DE COUSO	“Los Remedios y Castro” “San Cristobal” “Las Rasas”	334,8	–	XESTIÓN PRIVADA
MONTES DE CHAÍN	“La Gándara” “Teixugueira” “Paraboa”	21	–	XESTIÓN PRIVADA
MONTES DE DONAS	“Cancela, Castro e Pinceira” “Las Pedreiras”	466	–	XESTIÓN PÚBLICA
MONTES DE GONDOMAR	“Forca de Lobos” “Las Razas”	74	–	XESTIÓN PÚBLICA
MONTES DE PEITIEIROS	“Da Costa y Corujo” “Matalagatos”	299,88	–	XESTIÓN PRIVADA
ENTIDAD LOCAL MENOR DE MORAGADÁNS	“Galiñeiro Caldeirón e Outros”	783,83	SI	XESTIÓN PÚBLICA
MAÑUFE	“Monte Grande o Cereijo”	309	–	XESTIÓN PRIVADA
MONTE DE VINCICIOS	“Chans” “Niño do Corvo y coto de Castro” “Las Estivas” “Costa de Piñeiro” “Campo Redondo” “Los Cotros” Bouza Fría”	678	–	XESTIÓN PRIVADA

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Xunta de Galicia.

No gráfico que segue, pódese consultar as porcentaxe da propiedade do terreo forestal no municipio de Gondomar. Unhas 5.300 son as hectáreas de terreo forestal existentes no concello, das cales 3.078 hectáreas pertencen aos montes veciñais en man común, o que supón máis da metade do solo forestal.

Os montes privados particulares suman unhas 1.450 hectáreas, correspondendo a un pouco máis do 27%. En canto ás hectáreas dos montes públicos de utilidade pública, suman 783,8 sendo o 14,76% do total.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Corine Land Cover 2018 e da Xunta de Galicia.

3.4. Descrición xeográfica

Usos do solo

Apoiándose na interpretación do Mapa de Usos do Solo do SITGA (E: 1/25.000), identificáronse os usos do solo que se mostran na táboa e gráfico, determinando a extensión territorial dos usos principais e a porcentaxe que supón con respecto á superficie total do concello.

Segundo ditos datos, máis de dous terzos da superficie do concello corresponde a terreo forestal, sendo na súa maioría ocupada por especies de crecemento rápido como eucaliptos e piñeiros, escaseando a produción de madeira de calidade, e a gran cantidade de parcelas de propietarios privados con pouca extensión que tamén dificultan a optimización da produción forestal.


Hai que dicir que son moitas as hectáreas de pinos e eucalipto que se están cortando dende fai uns meses coa entrada en vigor da *Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, na que se fan modificacións da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia* e da *Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia*. Moita superficie situadas nas redes de faixas están cubertas de especies incluídas da disposición adicional terceira de dita lei de incendios, sobretudo de piñeiros e eucaliptos, e a poboación fíxose consciente da perigosidade trala oleada de incendios do ano 2017. As denuncias aumentaron e moitos propietarios toman medidas para cumprir a normativa.

Escasea a produción de madeira de calidade aínda que algunhas comunidades están mudando a forma de traballar o monte, encamiñadas a unha produción multifuncional e nas que sí caben especies de crecemento máis lento e de maior valor. Na táboa e gráfica que seguen, podese ver a realidade dos usos do solo do concello de Gondomar:

*Nos datos de “Cultivos anuais en maioría e viñado” hai que salientar que os núcleos rurais no están tidos en conta. Así como que os datos referidos a “urb/indust”, o solo urbano pero non os núcleos rurais.

USO DO SOLO		SUPERFICIE (ha)	%
FORESTAL	EUCALIPTO E PIÑEIRO	5312,9	71,36
	EUCALIPTO, PIÑEIRO E CADUCIFOLIAS		
	MATOS		
	MATO - PASTEIRO CON ROCHA		
	MATO E ESPECIES MADEREIRAS		
	PRADOS E MAIORÍA, CULTIVOS ANUAIS E MATO		
AGRÍCOLA	CULTIVOS ANUAIS EN MAIORÍA E VIÑEDO	2055,7	27,61
	VIÑEDO EN MAIORÍA E CULTIVOS ANUAIS		
	PRADOS		
URB/INDUST	URBANIZACIÓN AGRÍCOLA DIFUSA	64,6	0,87
	URBANIZACIÓNS		
	ZONA INDUSTRIAL, COMERCIAIS E DE SERVIZOS		
	MINAS		
AUGAS	MARISMAS	11,8	0,16
TOTAL		7445	100

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do mapa de Usos do Solo do SITGA.



Fonte: Mapa de Usos do Solo do SITGA. E: 1/25.000

Orografía

O municipio de Gondomar sitúase na Zona Centro-Ibérica, dentro de Zona Galicia Occidental. A orografía do territorio é moito máis accidentada cara o interior entre a chaira e a montaña onde a pendente faise máis pronunciada. Presenta unhas características orográficas e edáficas que o orientan cara unha vocación do territorio agrícola e forestal.

Os puntos máis altos do municipio son: a cima do Monte Galiñeiro (709 m), Galiñeiro Norte (664 m), Monte Castelo (407 m), Alto de San Martiño (596 m), Rachadón (492 m), Alto do Cereixo (447 m), Pedra Porreira (454 m), A Fonte Sagrada é das zonas con máis pendente e o Alto do Canaval (505 m divisoria cos concello de Nigrán e Vigo).

A orografía do terro inflúe nos tempos de resposta dos medios de extinción nas serras sobre todo na serra do Galiñeiro e nas parroquias de Donas e Borreiros pola proximidade da Serra da Groba. No resto da superficie as pendentes son máis suaves.

Climatoloxía

O municipio caracterízase por unhas temperaturas suaves, con moderadas oscilacións térmicas debido a súa proximidade á costa e a influencia marítima. Gondomar atópase na zona de Galicia con maiores valores de radiación solar e é onde se produce unha das máximas intensidades bioclimáticas potenciais do país, solo prexudicado por certas limitacións hídricas que fan que os valores reais descendan.

Non existen estacións meteorolóxicas no municipio que proporcionen as variables necesarias para o estudo. Para o estudo climatolóxico, tomaranse os datos proporcionados por Meteogalicia da estación de Vigo-Campus (coordenadas: latitude 42.1699 WGS84, lonxitude - 8.68606 WGS84), sita a 476 m de altitude. A temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica os 16°C – 18°C. No Anexo CLIMATOLÓXICO, faise un estudo máis detallado de temperatura e precipitacións durante o paso dos anos no concello.

t: temperatura media mensual (°C)

tm: temperatura media das mínimas (°C)

tM: temperatura media das máximas (°C)

Tm: temperatura media das mínimas absolutas (°C)

TM: temperatura medias das máximas absolutas (°C)

P: precipitación total mensual (mm)


MES	t	tm	tM	Tm	TM	P
XAN	8,458	1,567	15,411	6,464	10,806	257,803
FEB	8,192	1,246	16,606	5,76	11,147	190,45
MAR	10,363	2,41	19,884	7,671	13,697	168,75
ABR	12,109	4,458	23,541	9,122	15,732	119,29
MAI	14,325	6,347	26,947	10,936	18,159	97,6
XUN	16,976	9,182	30,678	13,613	20,742	61,89
XUL	18,691	11,464	30,332	15,11	22,628	27,65
AGO	19,458	12,254	32,073	15,88	23,603	35,79
SET	18,358	10,898	29,961	15,214	22,284	67,48
OUT	15,95	7,767	25,47	13,325	19,17	190,06
NOV	10,961	4,172	19,683	8,866	13,542	218,214
DEC	9,714	3,532	17,224	7,651	12,152	197,512

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da estación meteorolóxica de Vigo-Campus

A néboa está presente todo o ano pero é máis frecuente durante o verán, afectando fundamentalmente as zonas de fondo do Val Miñor.

En canto os ventos, os compoñentes máis frecuentes son os de dirección suroeste, oeste, norte, noroeste e sur. Pola súa parte a calma supón ao mes entre un 12% e un 24% dos días. A zona máis setentrional do municipio atópase relativamente protexida da influencia dos ventos fríos do norte durante o inverno, circunstancia extensible en xeral a maior parte do Val Miñor, aberta cara o Oeste. Os ventos do sur e suroeste están asociados en xeral as chuvias xeradas polas borrascas que afectan á zona. A velocidade media anual do vento rolda os 12 km/hora. En inverno e primavera teñen lugar as maiores velocidades. Así, as velocidades máximas medias oscilan entre os 75 km/hora de xullo e os 122 km/hora de decembro.

Para coñecer o réxime de ventos, empregárase a estación meteorolóxica do Monte Aloia situada no concello de Tui (coordenadas: latitude 42.0786 WGS84, lonxitude: -8.67945 WGS84) e a unha altitude de 484 m.



Fonte: Anuario climatolóxico de Galicia 2007.

Hidroloxía

A rede hídrica en Gondomar destaca pola súa densidade. A maior parte do territorio pertence á conca do río Miñor que se configura como o principal colector. Discorre polo centro municipal en dirección SE-NO, conformando un amplo val ao que verte a maior parte da rede hídrica. Ademais desta conca principal, tamén destaca a conca do río Groba, no suroeste municipal, que rega a parroquia de Couso para desembocar por Santa Cristina da Ramallosa, no concello de Baiona, servindo de liña divisoria entre os concellos de Gondomar e Baiona.

Pola metade setentrional, o río Miñor recibe as augas do río Zamáns e polo sur as dos regos de Peitieiros, a Rasa, Morgadáns e o Folón entre outros.

Na vila de Gondomar os ríos de Morgadáns e Zamáns únense formando o río Miñor que discorre cara a Xunqueira, apenas un par de quilómetros antes de entrar na influencia da marea. ...

A Foz do Miñor é un esteiro, e está formado por un complexo intermareal composto por dúas áreas dunhas trinta e nove hectáreas de superficie. A lonxitude do río Niñor ata a Ponte da Ramallosa, onde desemboca no océano Atlántico, é de 16 km. Neste estuario mestúrase a auga doce coa salgada de influencia oceánica e está clasificada como Lugar de Interese Comunitario (LIC) pola importancia dos seus ecosistemas e biodiversidade.

En Xeral, a maioría dos ríos presentan caudais pequenos, aínda que facilmente poden permitir o abastecemento de poboacións locais para uso doméstico ou rego.

Rede fluvial:

- Río Peitieiros
- Río da Rasa
- Río Groba
- Río Pequeno
- Rego de Touteiras
- Río Folón
- (Rego da Furna)
- (Rego do Hospital)
- (Rego Ponte Muíños)

A seguinte táboa amosa os encoros e rías presentes no distrito así como a posibilidade de carga dos avións anfíbios Canadair CL-215:

CONCELLO	ENCORO-RÍAS	CARGA CANADAIR CL-125
Baiona	Encoro de Baíña	Non
Baiona e Nigrán	Ría de Baiona	Si
Fornelos de Montes	Encoro de Eiras	Non
Guarda (A) e Rosal (O)	Río Miño	Si
Redondela, Soutomaior e Vigo	Ría de Vigo	Si
Tomiño e Tui	Río Miño	Si
Vigo	Encoro de Zamáns	Non

Fonte: Datos do PPDCIF XVIII do ano 2009.

Vexetación

Se facemos unha comparativa dos mapas de cultivo que comprenden os anos 1980-1990 e o mapa de cultivo do intervalo 2000-2010 nos visores de cartografía que a Xunta de Galicia ten a disposición, pódese comprobar como foi mudando a vexetación debido a evolución da ocupación do solo. A superficie de labor de secano convertese en improdutivo polo crecemento do solo urbán, núcleos rurais, instalacións deportivas,... A produción de especies como piñeiros e eucaliptos aumenta considerabelmente. Algunhas zonas de mato pasan a converterse en plantacións de eucalipto e coníferas así como por mor dos incendios, existen novas zonas de mato nas partes máis altas dos montes.

Na parroquia de Morgadáns concéntrase a maior porcentaxe de bosque natural ou repoboación integrada.

Fauna

Cando se produce un incendio, non só as árbores, plantas, persoas, inmóbeis poden sufrir as consecuencias. Tamén a fauna vese moi afectada é soe ser un pilar esquecido. A perda de biodiversidade pode ser moi alta: mamíferos, herbívoros, aves.. pero sobretudo os animais con menor capacidade de fuxir: insectos, anfibios, réptiles...

Existe un Plan de recuperación da Emberiza, segundo o Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia.

Especies protexidas e hábitats prioritarios

No concello de Gondomar existen exemplares dunha especie inscrita no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras polo Decreto 67/2007, do 22 de marzo:

CÓDIGO	ESPECIE	NOME VULGAR	LUGAR	PARROQUIA
37A	<i>Cunninghamia lanceolata</i>	Cunninghamia do Pazo de Gondomar	Pazo de Gondomar	San Bieito de Gondomar

Dado que ditas árbores están situados dentro do Pazo de Gondomar non se atopan nun lugar nas que se prevén medidas especiais de protección, dentro do ámbito do presente Plan.

Distribución espacial dos combustibles (caracterización do ecosistema forestal)

Para a elaboración da distribución dos combustibles (estruturas de vexetación dende o punto de vista do comportamento do lume en caso de incendio forestal) empregouse un Mapa dos Modelos de Combustible, segundo a clasificación de Rothermel, de 2003.

Empregase, tamén, ortofoto 2017 e fotointerpretación sobre SENTINEL xaneiro 2018 por mor dos incendios do ano 2017 dos que non temos datos de ditos lumes dende a consellaría de medio rural.

Hai que ter en conta que desde a realización desta cartografía ata a actualidade, a composición das formacións forestais variou moito, debido sobre todo aos incendios forestais.

No triángulo do lume, o único factor que podemos modificar é o combustible. Co estudo dos combustibles, pódese determinar se é fácil que se inicie un incendio, a dificultade para controlalo e a probabilidade de comportamento extremo o irregular, gracias aos traballos que se levan facendo estudando os combustibles como se fai por exemplo no Centro de Investigación Forestal de Lourizán en Pontevedra. A actividade humana debe diminuír sobretudo a cantidade de combustible máis perigoso pola velocidade de propagación que pode alcanzar e pola lonxitude de chama que pode producir.

Os modelos existentes son os seguintes:

	Modelo	Descrición	Cantidade de combustible (materia seca)
PASTOS	1	- Pasto fino, seco e baixo, que recubre completamente o solo. - Poden aparecer algunhas plantas leñosas dispersas ocupando menos de 1/3 da superficie.	1-2 t/ha
	3	- Pasto grosso, denso, seco e alto (> 1 m) - Pode haber algunhas plantas leñosas dispersas.	4-6 t/ha
MATO	4	- Mato ou plantación xove moi densa; de máis de 2 m de altura; con pólas mortas no seu interior. - Propagación do fogo polas copas das plantas.	25-35 t/ha
	5	- Mato denso e verde, de menos de 1 m de altura. - Propagación do fogo pola follaxe e o pasto.	5-8 t/ha
	6	- Parecido ao modelo 5, pero con especies máis inflamables ou con restos de corta e plantas de maior talla. - Propagación do fogo con ventos moderados a fortes.	10-15 t/ha
FOLLAXE BAIXO ARBORADO	9	- En bosque denso, sen mato. Follaxe pouco compacta, formada por acículas longas e ríxidas ou follaxe de frondosas de follas grandes.	7-9 t/ha
	10	-Bosque con gran cantidade de leña e árbores caídos, como consecuencia de vendavais, pragas intensas, etc.	30-35 t/ha
RESTOS DE CORTA E OPERACIÓNS SILVÍCOLAS	11	Bosque claro o fortemente aclarado	


No Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais do Distrito XVIII ao que pertence o concello de Gondomar e que ten data do ano 2009, explicábase o que segue: A formación máis representativa do distrito é o modelo de combustible 1 (pasto fino, seco e baixo que recubre totalmente o solo podendo aparecer plantas leñosas dispersas ocupando menos de 1/3 da superficie), que abrangue un 44% da superficie do distrito, seguido do modelo 9 (follaxe pouco compacta baixo bosque denso de coníferas ou frondosas) cun 27%. Os modelos 4, que é o modelo de mato máis perigoso á hora de combater o lume pola cantidade de toneladas de materia seca por hectárea, ocupa un 15% da superficie do concello.

Á vista destes datos, conclúese que o concello (aínda que con algunhas modificación polo paso do tempo), como a maior parte do territorio galego, ten un especial risco, por estar maioritariamente composto de modelos de combustible do grupo do mato que teñen unha das combinacións de intensidade e propagación máis perigosas.


Durante o anos 2018 e 2019 os combustibles no monte non deixan de mudar pola corta e retirada de gran cantidade de madeira debido, entre outros motivos, polos incendios acaecidos nos últimos anos.

En poucos anos unhas 940 hectáreas acabaron queimadas por mor dos incendios e durante uns longo tempo, dita superficie carecerá de cuberta de arborado.

A continuación pódese observar o mapa de combustible no que non se plasma a situación real tras os últimos incendios, e o mapa onde aparece a zona queimada recentemente.



Modelo de combustibles. Ano 2016



Incendios e talas. Ano 2018

Modelo de Combustibles

	0006
	00Ca
	00U
	01

	03
	04
	05
	06
	0910

Incendios e talas

 Incendios	 Talas
---	---

Por mor de non contar cun mapa de combustibles actualizado, terase en conta as hectáreas que arderon dende o ano 2017. Ao redor de 939 ha mudaron a súa superficie vexetativa polo que os modelos representados quedan obsoletos. Na maioría da superficie forestal correspondente a comunidades de montes, unhas 589,82 hectáreas, as árbores queimadas foron taladas e estase procedendo á súa retirada e a madeira que se atopa no monte soe estar apilada á espera da súa extracción ou trituración. Por este motivo, poderíamos indicar que os modelos nestes caso pasarían a ser o número 11. No caso da superficie queimada de titularidade privada, unhas 349.18), non se segue o mesmo procedemento e son poucas as operacións silvícolas que se levan a cabo.

No cálculo das hectáreas queimadas non inclúe a superficie forestal rasa. Por este motivo, os datos poden non corresponder. Por exemplo, na comunidade de montes de Vincios arderon unhas 550 ha (80 % do seu monte) aínda que a efectos de superficie arborada son unhas 334 hectáreas.

4 ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

4.1 Normativa e planificación sectorial que afecta

Lexislación

Segundo a Lei 372007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais.

Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Real Decreto-Lei 11/2005, de 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais. de Galicia é competencia dos concellos e doutras entidade locais, así como a integración dos mesmos nos plans de emerxencia municipais.

Así mesmo, a lexislación europea, estatal e autonómica en materia de incendios forestais, planificación urbanística e réxime de protección, que foi tida en conta para a redacción deste documento é a seguinte:

- Regulamento (CE) nº 1737/2006 da Comisión, de 7 de novembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 2152/2003 do Parlamento Europeo e do Consello sobre o seguimento dos bosques e das interaccións medioambientais na Comunidade (Forest Focus).
- Regulamento (CE) nº 2152/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de novembro de 2003, sobre o seguimento dos bosques e das interaccións medioambientais na Comunidade (Forest Focus)
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (BOE nº 280). Modificada pola lei 10/2006, do 28 de abril.
- Decreto 3769/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Incendios Forestais.
- Lei Orgánico 1/1981, do 6 de abril, Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Real Decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.
- Real Decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais.
- Lei 7/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.
- Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría de Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Orde do 8 de xuño de 2009, pola que se determina a época de perigo alto de incendios.
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.
- Decreto 79/2009, do 19 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificado pola lei 15/2004, de 29 de decembro.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia
- Lei 5/2016, 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Instrución 1/2018, de 26 de abril, actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas.

-Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Modificacións da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Modificación da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Modificación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

-Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

-Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo de árbores senlleiras.

Outros:

-Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

-Instrución técnica complementaria número 8: Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos. BOE núm. 267 sábado 7 novembro 2015.

-Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento.

-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Normas municipais

Normativa referente ao concello de Gondomar:

Ordenanza municipal de Seguridade, Salubridade Hixiene, Habitabilidade e ornato de parcelas e edificacións

Dado que o concello soamente conta con dita ordenanza na que se expoñen as distancias entre propiedades privadas que linde entre propiedades privadas e propiedades públicas establecidas polo código civil e dada a importancia que a xestión da biomasa ten dentro dos límites de aplicación da lexislación municipal en terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables, e dado a masa foresta existente en moitos destes núcleos, faise necesario, de forma urxente, o **estudo e aprobación dunha ordenanza municipal que xestione a biomasa e as distancias de plantacións** en ditos terreos, así coma unha ordenanza fiscal que estableza o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento.

Planificación sectorial

O concello de Gondomar é un concello sen planeamento, xa que logo, o Planeamento de Gondomar de 1997 desapareceu do mundo xurídico a medio de Sentenza do 15 de novembro do 2001, ditada pola Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, foi anulado o acordo do Pleno do Concello de Gondomar, de 9 de agosto de 1997, sobre aprobación

definitiva do PXOM; sentenza que devino firme ao ser confirmada pola Sentenza do Tribunal Supremo do 22 de febreiro de 2005.

Réxime de protección

A continuación indícanse as áreas de especial interese paisaxístico:

- Montes do Facho e Tetón
- Serra do Galiñeiro
- Devesa da Costa
- Pego Negro

Son numerosas a Área interese arqueolóxico, arquitectónico ou etnográfico que se poden consultar no Anexo CATÁLOGO DE XACEMENTO NO CONCELLO DE GONDOMAR.

O Monte Aloia, área de especial interese paisaxístico situado no concello de Tui, forma parte dos Parques Naturais incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos. Dende fai anos moitos son os organismo que intentan que a Serra do Galiñeiro, compartida polos municipios de Vigo, Mos, O Porriño, Tui e Gondomar, conforme tamén o Parque Natural do Monte Aloia para así poder protexela. A Plataforma “Pola Protección da Serra do Galiñeiro” aposta ano tras ano para conseguilo. 40 son os colectivos que a día de hoxe integran a plataforma, dende decembro 2010.

Outros

Son os relativos ao PLADIGA, Plans de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Distrito, Plans Municipais de Emerxencia, consorcios e convenios de montes, etc.

PLADIGA (Plan de Prevención e Defensa conta os Incendios Forestais de Galicia)

Como obriga recollida no artigo 6 da Lei de prevención e defensa contras os incendios forestais de Galicia, a Xunta de Galicia ten competencia para elaborar e aprobar o PLADIGA. O PLADIGA ten por obxecto o establecemento da organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, daqueles que poidan ser asignados a este pola Administración Xeral do Estado, así como dos que puidesen ser facilitados por outras entidades públicas ou privadas para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego, e permitir, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume, co fin de desenvolver na súa totalidade a fase de actuación das Situacións 0 e 1, referidas a aqueles lumes forestais con Índice de Gravidade Potencial 0 ou 1, clasificados así polas dimensións ou as características da masa forestal afectada, e aquelas propias asignadas para a Situación 2 no PEIFOGA.

PLAN DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE DISTRITO XVIII

Como obriga recollido no artigo 6 da Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia expónse as competencias para a elaboración e aprobación do Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Distrito.

O Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Distrito XVIII ten por obxecto a clasificación e organización das accións e dos obxectivos definidos no PLADIGA, a escala de

distrito. Aporta un documento que contén as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais e, máis alá das accións de prevención e outras medidas previstas en materia de emerxencias, inclúe a previsión e a programación integrada das intervencións das diferentes entidades implicadas no operativo contra incendios forestais.

O plan efectúa unha análise da situación actual, define a rede defensa contra os incendios forestais no distrito, en particular delimita as redes primarias e secundarias de xestión de biomasa en cumprimento do establecido na Lei 3/2007, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

Estes obxectivos fundamentais concrétanse nunha serie de accións, que se agrupan en tres grandes tipos:

- Accións sobre o territorio que buscan a organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas declaradas de alto risco de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas e o tratamento de áreas forestais nin esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito da defensa de persoas e bens e a defensa dos montes. Así mesmo, buscan reforzar as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais.

Inclúen:

- Silvicultura preventiva.
 - Infraestrutura hídrica.
 - Infraestrutura viaria.
- Accións sobre a poboación na busca de incrementar os esforzos de educación, sensibilización, divulgación e extensión agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios e para o uso correcto do lume nestes lugares:
 - Divulgación das actuacións de vixilancia e detección emprendidas.
 - Difusión do perigo que supón o uso negligente do lume.
 - Impulsar e fomentar a colaboración cidadá.
 - Conciliación de intereses e posta en valor dos espazos forestais.
 - Difusión das sentenzas ditadas en materia de incendios forestais con especial dedicación ás sancións impostas.
 - Accións de investigación de causas de incendios para reforzar a vixilancia e poñer couto á actividade criminal incendiaria tamén mediante a colaboración veciñal, ademais de asegurar a eficacia na fiscalización e aplicación do réxime sancionador instituído.

O plan establece así mesmo medidas de control e avaliación dos obxectivos, e a posibilidade de revisar e actualizar os plans, pretendendo ser un instrumento dinámico de apoio na toma de decisións.

PLAN DE EMERXENCIA MUNICIAPAL (PEMU)

No artigo 7 da Lei 3/2007 de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia expónse as competencias das entidades locais: elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais e integralos nos plans de emerxencia municipais, de acordo co previsto na lexislación galega de emerxencias.

Actualmente o concello non conta con PEMU.

PLANS DE ORDENACIÓN DE MONTES

→ Montes de propiedade privada con rexistro de montes ordenados.

Montes e superficies forestais situados no concello que teñen un instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola consellaría competente en materia de montes.

DISTRITO	CONCELLO	NOME	SUPERFICIE (ha)	TIPO	DATA APROBACIÓN
XVIII Vigo – Baixo Miño	Gondomar	Borreiros	104,83	Proxecto de Ordenación	10/10/2016
		Couso	334,8	Proxecto de Ordenación	08/03/2012
		Donas	440	Proxecto de Ordenación	17/11/2010
		Gondomar	73,35	Plan Técnico de Xestión	04/04/2007
		Mañufe	281	Proxecto de Ordenación	23/06/2010
		Peitieiros	299,88	Proxecto de Ordenación	13/06/2014
		Vincios	647,72	Proxecto de Ordenación	07/09/1999

Fonte: Concellaría de Medio Rural

→ Montes de propiedade pública

A consellería de Medio Rural, a través de convenios, consorcios e montes patrimoniais xestionados, leva a cabo a xestión da Entidade Local Menor de Morgadáns no concello de Gondomar.

NOME	DISTRITO	SUPERFICIE (ha)	TIPO	DATA APROBACIÓN
ENTIDADE LOCAL MENOR DE MORGADÁNS “Galiñeiro Caldeirón e Outros”	XVIII Vigo – Baixo Miño	783,83	Proxecto de ordenación	06/07/2017
Monte de Vilaza “Monte Ciudad e Fonte dos Santos”	XVIII Vigo – Baixo Miño	62	-	-

→ Montes de propiedade privada con rexistro de montes ordenados.

Montes e superficies forestais situados no concello que teñen un instrumento de ordenación ou de xestión forestal aprobado pola consellaría competente en materia de montes.

DISTRITO	CONCELLO	NOME	SUPERFICIE (ha)	TIPO	DATA APROBACIÓN
XVIII Vigo – Baixo Miño	Gondomar	Borreiros	104,83	Proxecto de Ordenación	10/10/2016
		Couso	334,8	Proxecto de Ordenación	08/03/2012
		Donas	440	Proxecto de Ordenación	17/11/2010
		Gondomar	73,35	Plan Técnico de Xestión	04/04/2007
		Mañufe	281	Proxecto de Ordenación	23/06/2010
		Peitieiros	299,88	Proxecto de Ordenación	13/06/2014
		Vincios	647,72	Proxecto de Ordenación	07/09/1999

Fonte: Concellaría de Medio Rural

Segundo os datos obtidos da administración e por parte das comunidades de montes ... nalgúns sitios solápanse varias comunidades ou no corresponden os límites segundo a fonte da información. Dito isto, faise un límite para coñecer o alcance do monte no municipio sen importar tanto o titular. Tal dato aclararase no momento que algún dos terreos forestais con “problemática” forme parte da faixa onde sexa preciso a xestión da biomasa. Co paso do tempo haberá que ir cotexando e corrixindo estes datos que tampouco soen coinciden coa información do catastro.

No Plan Básico Autonómico, como os datos que se poden consultar no XORFOR, os límites dos MVMC de Vincios non están limitados dentro da parroquia de Santa Marina de Vincios. Os montes da comunidade de Mañufe, tampouco están definidas, por este motivo solicitáronse os límites de ditos montes ás comunidades de montes. Os límites non coinciden uns con outros e incluso superpóñense nalgúns zonas, por este motivo faise unha estimación por onde iría cada un pero centrándonos máis na importancia da superficie forestal, independentemente da propiedade.

4.2 Risco de incendio

Defínese risco de incendio como a probabilidade de recorrencia de lumes forestais nunha zona e nun intervalo de tempo determinados (PLADIGA 2018).

4.2.1 Análise estatística

Facendo esta análise poderemos coñecer o risco estatístico, definido pola frecuencia de incendios forestais que historicamente ocorreron nunha zona.

Para a realización desta análise, empregaremos os datos publicados no PLADIGA e os datos proporcionados pola Consellaría de Medio Rural comprendidos entre o período 2006 – 2016. É importante sinalar que os últimos incendios máis importantes tiveron lugar en outubro do ano 2017 pero dende a administración aínda non podían facilitar estes datos, polo que non se poderá empregar datos actualizados.

Os datos que van dende o ano 2006 e ata o ano 2009 corresponde ás parroquias onde se iniciaron os lumes, sen contemplar as parroquias limítrofes que puideran ser afectadas. Así mesmo, tamén se puido dar o caso de estar afectado zonas do concello pero que non foron contabilizados posto que comezaron noutros concellos. Dende o 2010 e ata o 2016, os datos de incendios por parroquias, xa fan mención a todas as parroquias implicadas no incendios.

Lumes iniciados no Concello de Gondomar desagregados por parroquias (2006-2009)

Parroquia	Exercicio	Número	Arborada	Rasa	Total
Borreiros (San Martiño)	2006	3	0,70	0,00	0,70
Chaín (Santa María)		6	0,11	0,07	0,18
Donas (Santa Baia)		4	1,38	0,20	1,58
Gondomar (San Bieito)		1	0,02	0,00	0,02
Mañufe (San Vicente)		2	0,27	0,15	0,42
Morgadães (Santiago)		10	0,87	2,39	3,26
Peitieiros (San Miguel)		11	0,53	0,02	0,55
Vilaza (Santa María)		1	0,00	0,01	0,01
Vincios (Santa Mariña)		8	1,46	1,18	2,64
Borreiros (San Martiño)	2007	2	0,36	0,09	0,45
Donas (Santa Baia)		1	0,01	0,00	0,01
Morgadães (Santiago)		1	0,02	0,00	0,02
Vincios (Santa Mariña)		1	0,08	0,02	0,10

Borreiros (San Martiño)	2008	1	0,00	0,02	0,02
Chaín (Santa María)		1	0,52	0,00	0,52
Donas (Santa Baia)		1	0,15	0,00	0,15
Gondomar (San Bieito)		1	0,01	0,00	0,01
Mañufe (San Vicente)		2	0,11	0,00	0,11
Morgadáns (Santiago)		1	0,00	0,03	0,03
Peitieiros (San Miguel)		1	0,05	0,00	0,05
Borreiros (San Martiño)	2009	1	0,07	0,00	0,07
Couso (San Cristovo)		2	0,22	0,00	0,22
Chaín (Santa María)		6	0,35	0,03	0,38
Mañufe (San Vicente)		1	0,01	0,00	0,01
Morgadáns (Santiago)		7	1,75	3,40	5,15
Vincios (Santa Mariña)		2	0,03	0,00	0,03
Total		78	9,08	7,61	16,69

Fonte: Consellería de Medio Rural


Resume parroquias con máis incidencia de lumes.

DATOS NO PERÍODO 2010-2016

Conclusión datos estatísticos:

Sen ter os datos dos incendios ocorridos no ano 2017, é importante comentar que os incendios máis importantes foron os acontecidos o 22 de outubro. Unha fin de semana trágica na comunidade galega en temas de biodiversidade, e tamén en perda de vidas humanas. Moitos son os expertos que estudan as causas deste fenómeno: veráns e outonos cada vez máis secos, fortes ventos, precipitacións e altas temperaturas fóra das épocas ás que estabamos acostumados....


Todos estes síntomas terán que ser tidos en conta na prevención e defensa. Unha das modificacións na lexislación , por exemplo, é o atraso ao 31 de maio para que as parcelas afectadas pola xestión da biomasa consituen o máis limpas posíbeis ata outono sen ser un perigo.




Fonte: elaboración propia a partir de datos da consellería de medio rural

O número de rexistros de lumes dende ano 2010 a ano 2016 é de 21, dos cales 19 foron conatos e 2 incendios. O que supón unha media anual de 24 lumes ao ano.


As parroquias máis afectada son as de Peitieiros e Vincios e despois a de Morgadáns valorando o número de hectáreas queimadas. Se facemos a listaxe segundo o total de conatos e incendios acontecidos, a orde sería: Peitieiros, Mañufe e Morgadáns.



Fonte: elaboración propia a partir de datos da consellería de medio rural



Fonte: elaboración propia a partir de datos da consellería de medio rural



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da consellería de medio rural


Unha vez máis é preciso recordar que no ano 2017 os efectos dos incendios foron “grandiosos, elevados”

4.2.2 Diagnose de situacións conflitivas

É coñecido o problema da “Cultura do lume” que existe en Galicia. No concello de Gondomar tamén podemos facernos eco do emprego do lume por parte dalgúns cidadáns sen ser consciente da importancia de cando, como e onde empregalo. As negligencias que pode ocasionar un incendio forestal, son diversas e coñecidas:

- Queima de matogueira ou queimas agrícolas (agricultores e cazadores)
- Queima de monte para obter pasto (gandeiros)
- Emprego de maquinaria no monte en época de alto risco de incendios
- Realización de fogueiras
- Fumadores (cabichas)
- Queimas de lixo....

A loita contra os incendios forestais, consta de tres partes: PREVENCIÓN, EXTINCIÓN E INVESTIGACIÓN. Todas elas importantes e a investigación, por medio de indicadores socioeconómicos, sociopolíticos, condicións do clima local, usos e costumes do lugar, pode proporcionar unha relación das posibles causas da provocación reiterada de lumes nunha zona. Estudando os datos do parametrizado, facilitado pola Xunta de Galicia, axunda na primeira fase da investigación dos incendios. No caso do concello de Gondomar, este estudo reflicte as causas polas que se orixinaron os lumes. Así, nos incendios forestais acaecidos no monte do municipio, máis do 78% foi intencionado. Estes datos danos unha idea da problemática que segue existindo neste concello e en tantos outros na que as causas antrópicas seguen sendo as máis numerosas. No gráfico que segue podense consultar tódolos tipos de causas de incendios, empregando os datos dende o ano 2010 e ata o 2016.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos parametrizados da consellaría de Medio Rural.

No concello de Gondomar a zona máis problemática e na que os incendios son máis cuantiosos ao longo dos anos, é a situada nas ladeiras da Serra do Galiñeiro. Polo que as parroquias nas que se terá que extremar as medidas de prevención serán: as de Santa Mariña de Vincios e de Santiago de Morgadães.

Outra zona destacada, pero neste caso, pola perigosidade dado a dificultade na extinción de incendios pola inaccesibilidade, son as parroquias preto da Serra da Groba que corresponden ás parroquias de Santa Baia de Donas e de San Martiño de Borreiros.

Tamén e preciso o elevado número de masas forestais que se atopan situados nos perímetros de núcleos rurais e incluso no centro urbano do concello. Exemplos desta situación son os núcleos de Esparela (parroquia de San Martiño de Borreiros), Pereiro (parroquia de Santa Baia de Donas), Pintor (parroquia de Santa María de Chaín).

Na seguinte imaxe da conta do tipo de estruturas e vexetación que existe no centro urbano do concello:



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da IFN4 (Cuarto Inventario Forestal Nacional)

Explicación dos tipos de estruturas:

N.	Descrición	Especies
111	Monte arborizado. Bosque	<i>Salix spp.</i> <i>Quercus robur</i> <i>Acacia melanoxylon</i>
112	Monte arborizado. Bosque de plantación.	<i>Eucalyptus globulus</i> <i>Pinus pinaster</i>
161	Bosque galería	<i>Salix spp.</i> <i>Alnus glutinosa</i> <i>Quercus robur</i>
300	Artificial	-


En negrita mostranse as especies incluídas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e que non deberían atoparse a

menos de 50 metros dos núcleos de poboación. O listado das especies en cada tipo de estrutura está ordenado segundo sexan a primeira especie, segunda ou terceira.

A análise do territorio segundo o risco de incendio permite coñecer os concellos con máis probabilidade de ser afectados por un lume nunha zona e nun período de tempo determinado. Desta maneira, seremos sabedores dos concellos con máis risco de incendio, sendo estes os que precisan un maior número de recursos de extinción e prevención.

Por Orde do 18 de abril do 2007 decláranse as Zonas de Alto Risco de incendio forestais (ZAR), que se recollen no Anexo 5 do PLADIGA 2018, e que están compostas polos concellos que nela se relacionan. O concello de Gondomar está declarado como zona ZAR.

No seguinte mapa quedan reflexados os lumes producidos dende o ano 2010 e ata o 2016:



Fonte: elaboración propia con datos da consellería de Medio Rural.

O cadro que segue reflicte a situación no concello sobre o número de lumes durante todo o ano.

Época do ano	Número de lumes	Superficie afectada
INVERNO	14	7,44
PRIMAVERA	26	58,02
VERÁN	96	137,9
OUTONO	33	98,92

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Medio Rural

Índice de risco local, vulnerabilidade e índice de risco potencial

No PLADIGA defínese a vulnerabilidade, como o grao de perdas ou danos que poden sufrir, ante un incendio forestal, a poboación, os bens e o medio ambiente.

No PEIFOGA 2015 expónse que o Risco potencial do municipio de Gondomar segundo o Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais da Xunta de Galicia é Alto. Mapa de perigo baseado nos datos rexistrados na estatística xeral de incendios forestais para Galicia durante o período 2004-2013.


Para o análise do perigo local de incendios, estúdanse primeiro o índice de frecuencia de incendios que reflexa a probabilidade de que ocorra un incendio forestal no ámbito xeográfico municipal, o índice de gravidade de incendios que representa a porcentaxe anual de superficie queimada respecto á superficie forestal total, e o índice de causalidade de incendios que é un indicador da probabilidade de que un foco orixinado por unha causa determinada chegue a converterse nun incendio forestal de maior perigo. O índice de perigo local representa, polo tanto, a probabilidade de que se produza un incendio forestal, a súa gravidade relativa en termos de superficies e a perigosidade específica da causa que o orixina.

Datos para o termo municipal de Gondomar:



- Índice de perigo local é ALTO
- A vulnerabilidade é ALTA

Polo que o resultado do Índice de Risco potencial é ALTO.

Nos seguintes mapas reflicten os índices mencionados:



Fonte: PEIFOGA 2015



No PLADIGA 2018 ningunha das parroquias do municipio de Gondomar está identificada como Parroquia de Alta Actividade Incendiaria.

4.2.3 Puntos potencialmente perigosos

Gasolineiras:

Nome	Coordenadas UTM			
REPSOL	X	518958	Y	4662256
IRENE ALONSO E HIJOS SL	X	519850	Y	4662220

Inflamables:

Nome	Coordenadas UTM			
BUTANO VAL MIÑOR, SLR (REPSOL)	X	516807	Y	4662144
DEPÓSITO	X		Y	

Áreas recreativas:

Nome e lugar	Coordenadas UTM			
Parque Forestal. Vilas	X	523741	Y	4662626
Parque forestal. Vincios	X	522606	Y	4665835
Merendeiro. As Mercedes, Morgadáns.	X	522600	Y	4663147
Merendeiro con fonte e cascada. As Bandeiríñas, Couso.	X	521676	Y	4659339
Merendeiro, palco e bar da comisión. Os Remedios, Couso.	X	520650	Y	4658368
Merendeiro preto C S Sociocultural San Martiño. As Solos – A Valada, Borreiros.	X	516147	Y	4660945
Merendeiro público "Costa do Chosco". Cortarelo – O Pereiro, Donas.	X	517165	Y	4659754
Parque forestal con merendeiro. Cerquido, Donas.	X	517505	Y	4657951
Parque forestal. Patrocinio, Mañufe.	X	518089	Y	4658479
Merendeiro pasarela madeira, embalse de auga. Patrocinio – Portavedra, Mañufe.	X	518369	Y	4658697
Merendeiro forestal. Baralla, Morgadáns.	X	522209	Y	4662059
Parque forestal arredor Capela. Prado, Morgadáns.	X	524656	Y	4661541

Merendeiro e zona verde embalse O LAPIDO. Prado, Morgadães.	X	524550	Y	4661256
Merendeiro preto pistas deportivas. Prado, Morgadães.	X	524921	Y	4661552
Área de lecer "Casco vello" Merendeiro con arborado. Doude, Peitieiros.	X	522395	Y	4659855
Merendeiro "Coto do Sobral" PO 340. Couso.	X	522172	Y	4658659
Merendeiro con Bosque. A Estrada, San Bieito de Gondomar.	X	519538	Y	4660541
Merendeiro con zona verde e arborado. Pego Negro, Vilaza.	X	520949	Y	4664138
Merendeiro parque forestal. A Rocha, Vincios	X	523797	Y	4665679
Área recreativa Cascalleira. Prado, Morgadães.	X	525250	Y	4662585
Merendeiro en San Antoniño, Peitieiros.	X	522780	Y	4658335

Subestacións eléctricas

Nome	Coordenadas UTM		
INSTALACIÓN ENERXÍA ELÉCTRICA	X	522926	Y 4667229

Canteiras:

Nome	Coordenadas UTM		
PORTAVEDRA	X	521850	Y 4658072
ZAPATEIRA	X	518476	Y 4658911
RAXADA	X	521850	Y 4658072
PENIDOS	X	525365	Y 4662334
MONTE VILAS	X	523065	Y 4663560
MARINA	X	523535	Y 4663763
CHAN DE PRADO			
O FACHO	X	525377	Y 4658941

Outros

Nome	Coordenadas UTM			
PUNTO LIMPO	X	522719	Y	4666731
PARQUE EMPRESARIAL "A PASAXE"	X	522926	Y	4667228

Núcleos rurais do concello de Gondomar:

PARROQUIA	LUGAR	X_COORD	Y_COORD	HECTAREAS	PERÍMETRO
VINCIOS	A Cernada	521356	4665454	8,44	2334,43
VINCIOS	A Fraga	523740	4666824	7,49	2368,89
VINCIOS	A Rocha	522196	4666171	16,84	2871,02
VINCIOS	Brandufe	522340	4665269	6,60	1580,37
VINCIOS	Figueiro	521267	4666561	5,49	1670,86
VINCIOS	Guisande	521985	4665269	4,14	1458,99
VINCIOS	Hervillás	522343	4665884	28,33	5580,13
VINCIOS	O Salgueiro	521648	4666349	8,87	2128,84
VINCIOS	Os Arcos	522128	4664944	2,37	1285,41
VINCIOS	Os Casás	522172	4664499	9,97	2855,80
VINCIOS	Piñeiro	522677	4665586	5,46	1827,49
VINCIOS	Xián	520960	4665358	5,17	2101,64
BORREIROS	A Valada	516000	4661366	5,48	1323,09
BORREIROS	Borreiros	516055	4661640	13,40	3145,63
BORREIROS	O Burgovedro	516452	4661995	7,22	1977,96
BORREIROS	A Esparela	515582	4662174	8,75	1631,04
BORREIROS	Guntín	515806	4659827	7,99	3162,90
BORREIROS	O Lousado	515815	4660457	5,05	1629,75
BORREIROS	O Monteiro	515802	4660832	6,51	1667,81
BORREIROS	O Castro	515918	4661855	5,63	1253,09
BORREIROS	O Cruceiro	515538	4661843	9,44	1715,53
BORREIROS	A Oliveira	516373	4658679	6,68	2072,35
BORREIROS	San Martiño	516256	4661250	8,29	2029,16
BORREIROS	DONAS O Telleiro	516819	4661670	20,80	4075,04
BORREIROS	O Telleiro Sur	516571	4661520	5,90	2082,42
DONAS	MAÑUFE A Areosa Cruz	517794	4661546	17,46	4200,69
DONAS	A Barcalla	517074	4660820	11,53	2576,43
DONAS	A Barga	517353	4661696	10,18	2429,28
DONAS	A Nogueira	517327	4661004	4,70	1511,40
DONAS	O Cruceiro	516925	4661207	7,54	1830,46
DONAS	O Pereiro	517550	4660221	11,85	3701,57
DONAS	San Cibrán	517090	4658618	13,44	4081,29
DONAS	A Sermán	516701	4659569	9,31	2179,92
DONAS	O Souto	517572	4660935	6,20	1514,70
MAÑUFE	A Costa	518745	4660700	5,10	2108,35
MAÑUFE	Cristillón	518830	4661451	4,69	1584,41

PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GONDOMAR

MAÑUFE	Fontán	518950	4662382	7,09	2279,09
MAÑUFE	Galisteo	518277	4661411	12,18	2624,36
MAÑUFE	A Goldra	518427	4661145	14,29	2071,24
MAÑUFE	O Lameiro	518510	4661851	3,43	1131,91
MAÑUFE	A Moreira	518804	4661823	12,76	2070,73
MAÑUFE	Nande	518343	4659909	7,96	2491,36
MAÑUFE	Penalba	518640	4662587	1,09	501,45
MAÑUFE	Piquetes	519064	4661170	10,53	2333,19
MAÑUFE	A Portavedra	518815	4658259	4,28	1887,98
MAÑUFE	San André	518377	4660321	11,62	2593,20
MAÑUFE	Seidóns	519089	4660692	11,27	3257,01
MAÑUFE	A Sequiña	517885	4660484	2,54	1443,76
MAÑUFE	A Texosa Alta	518728	4662361	1,52	694,92
MAÑUFE	A Texosa de carretera	518556	4662262	8,50	2239,91
MORGADÁNS	Os Carballás	524303	4663045	2,1	1287,35
MORGADÁNS	A Pedra	522799	4662034	4,12	1427,52
MORGADÁNS	A Batizosa	521965	4662655	6,06	1968,70
MORGADÁNS	Campo Grande	524147	4662354	4,75	2332,19
MORGADÁNS	A Cedeira	524756	4661325	7,25	2188,20
MORGADÁNS	Gonda	522895	4661628	4,22	1289,04
MORGADÁNS	Guillufe	522373	4662589	7,51	2730,01
MORGADÁNS	O Lago	522951	4661894	3,08	1227,70
MORGADÁNS	Prado	525506	4661086	7,8	3945,31
MORGADÁNS	San Roque	522000	4662261	6,1	2280,92
MORGADÁNS	Vilas	523960	4662989	7,55	2570,35
COUSO	A Bastida	521331	4659069	11,90	2472,04
COUSO	As Bandeiriñas	521616	4659418	5,70	1820,15
COUSO	Os Remedios	520754	4658121	17,10	4902,63
COUSO	As Vacarías	521668	4659000	10,92	1683,00
CHAÍN	A Mourisca	520561	4662855	4,09	1462,03
CHAÍN	A Torre	521170	4661919	4,04	1254,63
CHAÍN	O Loureiro	520721	4662673	5,74	2129,92
CHAÍN	O Castelo	521453	4663030	5,19	1541,82
CHAÍN	Fouco	521630	4662501	4,93	1890,84
CHAÍN	O Pedrouco	521002	4662807	3,45	1035,49
CHAÍN	A Paraboia	520926	4663273	4,53	1432,75
CHAÍN	Pintor	521618	4662861	6,28	2067,34
CHAÍN	Regodagua	521520	4663370	6,66	1725,55
CHAÍN	Zapa	520739	4662254	7,65	1978,86
VILAZA	A Igrexa	519510	4662907	5,65	1775,01
VILAZA	A Areiña	519127	4663706	8,15	2661,36
VILAZA	As Tercias	520415	4664056	7,85	2316,56
VILAZA	As Vendas	519640	4663536	8,24	1883,77
VILAZA	O Carrasquedo de Abaixo	519984	4663227	6,93	2380,34

VILAZA	Fontela	519204	4662801	11,70	3557,88
VILAZA	Lourido	520041	4663683	4,67	2110,24
VILAZA	O Barreiro	520324	4663766	7,92	3114,42
GONDOMAR	Antime	519643	4660829	15,68	2577,57
GONDOMAR	As Rasas	520541	4660875	9,01	1536,62
GONDOMAR	A Áspera	520364	4661908	6,29	1223,96
GONDOMAR	Bade	519878	4661176	5,03	1312,33
GONDOMAR	O Cotro	520185	4661995	4,45	1195,77
GONDOMAR	O Picoto	520155	4662220	2,85	1141,30
GONDOMAR	O Toucido	520689	4661871	8,73	2889,55
GONDOMAR	A Raposeira	520258	4660917	3,96	1083,14
GONDOMAR	Sequeirós	520018	4661483	8,43	1661,65
PEITIEIROS	A Gándara	521645	4660510	4,08	1820,18
PEITIEIROS	A Gándara Leste	522003	4660425	14,33	2402,46
PEITIEIROS	A Área Norte	522501	4660397	8,40	2347,44
PEITIEIROS	A Área Sur	522250	4660057	8,31	1732,60
PEITIEIROS	A Fonte Norte	522327	4660720	8,34	2360,82
PEITIEIROS	Os Amados	520690	4661209	4,33	1806,46
PEITIEIROS	A Peroleira Norte	521953	4661188	7,08	1720,67
PEITIEIROS	A Peroleira Sur	521811	4660736	11,13	1930,90
PEITIEIROS	Piñeiro	521027	4661206	12,09	3352,86

4.2.4 Épocas de perigo (En base á metereoloxía)

Na lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, expónse que en consideración aos antecedentes e datos históricos sobre o risco de aparición de incendios forestais en Galicia e sobre a incidencia das variables meteorolóxicas no comportamento do lume, a consellería competente en materia forestal definirá épocas de perigo alto, medio e baixo, que condicionarán a intensidade de medidas que se vaian adoptar para a defensa do territorio de Galicia.

As épocas de perigo establécense como segue:

Época de Perigo Alto:

Na que o despregue dos medios de extinción e alertas deberán ser os máximos, en función da avaliación do risco e a vulnerabilidade. A previsión do PLADIGA comprende con carácter xeral os meses de xullo, agosto e setembro, máis un período adicional de aproximadamente un mes en función das condicións meteorolóxicas e de risco.

Época de Perigo Medio

Na que os medios de extinción permanecerán en alerta cun despregue reducido. Aplicaranse medidas restritivas para o uso do lume en terreos forestais ou agrícolas.

A época de perigo medio comprende, con carácter xeral, os meses de febreiro, marzo, abril, maio, xuño e outubro, se ben calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta cando as circunstancias así o requiran.

Época de Perigo Baixo

Aquela na que non é preciso adoptar precaucións especiais e o despregue de medios será o adecuado ao nivel de risco previsto nas diferentes zonas.

Con carácter xeral comprende os meses de xaneiro, novembro e decembro. Ao igual que no caso anterior, calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta á fixada cando as circunstancias así o requiran.


Índice de risco diario de incendio forestal (IRDI)

O índice de risco diario de incendio forestal determina, para cada día, o risco de ocorrencia dun lume forestal. Analizando o conxunto de factores como son: a situación meteorolóxica, o estado da biomasa vexetal, o estado das infraestruturas preventivas das masas arbóreas e o estado do solo, é posible estimar a probable propagación e o comportamento dun lume forestal nunha zona concreta do territorio galego.

A clasificación do IRDI é a que segue:

Índice IRDI	Grado de perigo	FWI	Cor
1	Baixo	0-3	Azul
2	Moderado	3.1-13	Verde
3	Alto	13.1-23	Amarelo
4	Moi alto	23.1-28	Laranxa
5	Extremo	>28	Vermello

O índice reflectirase xeograficamente nunha aplicación SIX na páxina web da consellería competente en materia forestal. A data de hoxe o enlace para consultar dito dato é o que segue: http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/.



Actualizado o xoves, 9 de agosto de 2018 ás 06:05

Exemplo do mapa, neste caso do 9 de agosto de 2018.


4.2.5 Interface urbano – forestal

A interface urbano forestal defínese no PLADIGA 2018 como, a zona na que as edificacións entran en contacto co monte. O incendios en dita interface, non só poden alcanzar as edificacións, senón que ademais poden progresar no interior das zonas edificadas, calquera que sexa a causa de orixe.

No seguinte traballo pódense sacar conclusións sobre este tema: “Delimitación da Interface Urbano Forestal (IUF) en Galicia: Análise do risco de incendio no 6º Congreso Forestal Español. (Chas Amil, M.L., Touza, J. e García Martínez, E.D.)”


No traballo exposto en dito congreso, identificouse a IUF en Galicia, desenvolvendo unha cartografía de detalle sobre a distribución das edificacións no territorio e na superficie forestal e avaliar o risco de incendio forestal en función da distribución das edificacións próximas ao monte.

En Galicia, a IUF ten unha extensión de 244.187 hectáreas, o que representa o 8,3% do área obxecto de estudo, sendo máis abundante en zonas específicas da xeografía galega como no sur-oeste de Galicia. Na seguinte figura apréciase esta realidade:



Fonte: “Delimitación da Interface Urbano Forestal (IUF) en Galicia: Análise do risco de incendio no 6º Congreso Forestal Español. (Chas Amil, M.L., Touza, J. e García Martínez, E.D.)

Esta é a ampliación da figura anterior, para poder delimitar dunha maneira máis eficaz a zona que corresponde ao concello de Gondomar.



Este estudo revela que os incendios son aproximadamente dúas veces máis frecuentes na IUF que nas áreas de non-IUF. A práctica totalidade dos asentamentos da poboación de Galicia localízanse na IUF. Ademais, nas áreas de IUF con maior densidade de edificacións é onde se produce unha maior densidade de incendio forestais.

E no 7º Congreso Forestal Español sobre “A interface urbano-forestal: efecto da cobertura do solo no risco de incendio” (Calviño Cancela, M., Chas Amil, M.L., García Martínez, E. e Touza, J). na que se avalía o risco de incendio en Galicia centrándose nos efectos do tipo de cobertura do solo e interface urbano – forestais, conclúese que os bosques nativos de especies caducifolias presentan un menor risco de incendio, as plantacións forestais en estado de semiabandono dan lugar a miúdo a formacións mixtas pouco rendibles e moi propensas ao lume, o retorno de zonas de abandono ao seu estado natural de bosque nativo pode constituír unha medida efectiva alternativa de prevención de incendio: de baixo custe e máis sostible a longo prazo que a eliminación da biomasa.

4.3 Zonificación do territorio

Tendo os datos da vulnerabilidade do concello e o análise de risco de incendios, pódese determinar as áreas xeográficas nas que se require intensificar as medidas de protección.

No PLADIGA 2018 ningunha das parroquias do concello de Gondomar están xa incluídas.

Terán prioridade de actuación a xestión da biomasa nos núcleos de poboación das parroquias seguintes: Santa Mariña de Vincios, Santiago de Morgadáns, San miguel de peitieiros e Santa Baia de Donas.

Zona de actuación, en base ás competencias municipais.

En base ó disposto no artigo 20 da Lei 3/2007, a xestión da biomasa existente nos terreos e nas zonas de influencias forestal é realizada a través de faixas, situadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou á súa remoción total ou parcial, buscando a rotura da continuidade horizontal e vertical da biomasa presente.

Estas faixas de xestión de biomasa constitúen redes primarias, secundarias e terciarias.

Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos poboacionais, das infraestruturas, dos equipamentos sociais, das zonas edificadas, dos parques e dos polígonos industriais.

Será obrigatorio xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros:

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria quinta.
- b) Arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.
- c) Arredor das edificacións illadas destinadas a persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007.

As distancias mediranse segundo os casos:

- a) Desde o límite do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- b) Desde os paramentos exteriores das edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, ou os límites das súas instalacións anexas.
- c) Desde o límite das instalacións no caso dos depósitos de lixo, gasoleiras e parques e instalacións industriais.
- d) Desde o peche perimetral no caso dos cámpings.

A superficie aproximada que constitúe a Rede Secundaria de faixas de xestión de biomasa do Concello de Gondomar, amósase na seguinte táboa:

TIPO DE INFRAESTRUTURA	ACTUACIÓN NOS 50 m (ha)
Núcleos e edificacións	2.059
Gasoleiras	2,97
Polígono Industrial	26,30
Almacén de butano	3,78
Estradas, pistas e camiños de titularidade municipal	154,91

A superficie total da faixa secundaria do concellos é duns 2.247 ha.

A cartografía que se adxunta no plan, mostra a representación espacial da rede secundaria de faixas.

Nas dúas imaxes seguintes, faise un resumo da Lei 7/2012 de montes de Galicia sobre as distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais e resumo da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia referido ás redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

Distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais da lei 7/2012 de montes de Galicia



Concello de Gondomar
Concelaría de Medio Ambiente

CON PARCELAS FORESTAIS




CON PISTAS FORESTAIS PRINCIPAIS (máis de 5m de ancho con cunetas)



ZONAS DE LABRADIO, CULTIVO, PRADO OU PASTOS SEN ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA



CON TERRENOS SITUADOS EN SOLO RÚSTICO EN ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA



CON CANLES FLUVIAIS DE MÁIS DE DOUS METROS DE LARGURA



Distancia contada desde o dominio público.
Non será de aplicación en actuacións de recuperación ambiental.

CON INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS



CON EDIFICACIÓNS, URBANIZACIÓNS, DEPÓSITOS DE LIXO, PARQUES E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS SITUADAS (A MENOS DE 400 M DO MONTE) OU FORA DE SOLO URBANO E DE NÚCLEO RURAL E CON VIVENDAS ILLADAS EN SOLO RÚSTICO.



CON SOLO URBANO, SOLO DE NÚCLEO RURAL E SOLO URBANIZABLE



CON CAMPINGS, GASOLINEIRAS E INDUSTRIAS OU INSTALACIÓN DE ACTIVIDADES PERIGOSAS



CON ESTRADAS E VIAS DE FERROCARRIL



© amichele_2019



REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA. Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.



Concello de Gondomar

Concelaría de Medio Ambiente

Obrigatorio a xestión da biomasa nunha franxa de 50 metros:



Especies que non pode haber na franxa dos 50 metros:

Pinus pinaster (piñeiro galego), *Pinus sylvestris* (piñeiro silvestre), *Pinus radiata* (piñeiro de Monterrey), *Pseudotsuga menziesii* (piñeiro de Oregon), *Acacia dealbata* (mimosa), *Acacia melanoxylum* (acacia negra), *Eucalyptus* spp (eucalipto), *Calluna vulgaris* (queiruga), *Chamaespartium tridentatum* (carqueixa), *Cytisus* spp (xesta), *Erica* spp (uz, carpazo), *Genista* spp (xesta, plarno), *Pteridium aquilinum* (fento), *Rubus* spp (silva), *Ulex europaeus* (toxo).



O MONTE

© amichele_2019

5 ACTUACIÓNS PREVISTAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

5.1 Actuacións sobre o territorio

O concello realizará a xestión da biomasa en zonas de dominio público das estradas da súa titularidade e instará aos titulares das restantes redes secundarias para levar a cabo a xestión da biomasa segundo o establecido na Lei 3/2007 de Plan de Defensa e Contra Incendios Forestais.

5.1.1 Control de combustible

Mediante accións de control do combustible vexetal, búscase romper a continuidade horizontal e/ou vertical da vexetación, impedindo deste xeito os incendios ou diminuindo a velocidade de propagación dos mesmos.

Segundo os criterios establecidos na Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal:

- No estrato arbóreo as masas serán mixtas ou de frondosas caducifolias e a distancia entre plantas será, como mínimo de 7 metros e mantendo as copas tanxentes.

- A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros.

- A poda deberá alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo se a altura da árbore supera os 11,4 metros.

- No estrato arbustivo e herbáceo, a carga total non pode exceder os 2.000 m³/ha e cumprir simultaneamente as seguintes condicións:

- *Debe ser garantida a descontinuidade horizontal dos combustibles entre a infraestrutura e o límite externo da faixa de xestión da biomasa.

- *Se o tanto por cento do solo arbóreo cuberto é < 20, a altura máxima da vexetación será de 100 cm.

- *Se o tanto por cento do solo arbóreo cuberto comprende entre 20 - 50, a altura máxima da vexetación será de 40 cm.

- *Se o tanto por cento do solo arbóreo cuberto é > 50, a altura máxima da vexetación será de 20 cm.

Ademais procederase á retirada das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Realizaranse mediante rozas manuais e mecanizadas, podas e clareos e nalgún caso poderían efectuarse mediante queimas controladas.

As queimas controladas deberán ser autorizadas pola entidade competente en materia de prevención e extinción forestais. Poderanse xestionar a través do distrito e co criterio dos técnicos que determinará a viabilidade desta actuación.

5.1.2 Proposta de actuación nos terreos de titularidade Municipal

O concello non conta con grandes parcelas nas que sexa preciso realizar a xestión da biomasa. A meirande parte son pequenas cesións.

Moitas parcelas do municipio atópanse en investigación e non teñen dono coñecido, e noutras non se pode asegurar que sexan propiedade do concello. Con todo, no plan reflicte as parcelas que a día de hoxe son 100% titularidade do concello e que así están catalogadas nos seus bens. Coa posta en marcha do Plan e nas vindeiras actualizacións iranse subsanado estes problemas e comprobando os verdadeiros propietarios ou incluíndo ditas parcelas nos bens do concello. Esta forma de proceder non se pode entender como a pasividade do concello ante a non actuación nestas parcelas, se non se non pola prudencia e facer os pasos que marca a normativa para poder actuar en ditas parcelas (accións subsidiarias,....)

Tamén existe o problema no caso contrario, parcelas que aparecen no catastro como de titularidade municipal, algunhas incluso en terreo forestal, na realidade non fan ningún tipo de xestión neles por non verse como os titulares reais. Algunhas comunidades de montes están en proceso administrativo para poder recuperar a titularidade de ditas parcelas por seren os lexítimos propietarios.

No Anexo de PARCELAS MUNICIPAIS QUE PRECISAN ACTUACIÓNS recóllense as fichas das parcelas do concello nas que é preciso actuar na vexetación existente e que se indican no seguinte cadro:

ID	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE (m ²)	ACTUACIÓN A REALIZAR
1	54021A012005040000KU	893	Roza manual en toda a parcela
2	2158415NG2625N001DO	513	Roza manual en toda a parcela
3	3770506Q2637S0001RO	853	Roza manual en toda a parcela
4	0334127NG2603S0001LZ	71	Roza manual en toda a parcela
5	54021A030001540001LR	850	Roza manual en toda a parcela
6	0633801NG2603S0001XZ	392	Roza manual en toda a parcela
7	2249807NG2624N0001GG	71	Roza manual en toda a parcela
8	6515503NG1661N0001IF	122	Roza manual en toda a parcela
9	6515502NG1661N0001XF	2318	Roza manual en toda a parcela
10	-	338	Roza manual en toda a parcela
11	3770505NG2637S0001KO	117	Roza manual en toda a parcela
12	28205C2NG2622S0001US	119	Roza manual en toda a parcela
13	8604507NG1680S0001XD	37	Roza manual en toda a parcela
14	1593702NG2519S0001TU	103	Roza manual en toda a parcela
15	1593702NG2519S0001TU	8	Roza manual en toda a parcela

Fonte: Elaboración propia.

Terase especial coidade á hora de proceder á xestión da biomasa das posibles afeccións, como son os elementos do patrimonio cultural ou áreas de especial interese paisaxístico e que se poden consultar no Anexo de CATÁLOGO DE XACEMENTOS NO CONCELLO DE GONDOMAR e no

Plano LIMITACIÓNS Á XESTIÓN DA BIOMASA onde se empregan datos do Plan Básico Autonómico.

Nas actuacións previstas sobre o territorio tomaranse as medidas apropiadas para evitar o deterioro ou a contaminación, tendo en conta que as repercusións sexan compatibles coa normativa de conservación existente en cada zona.

Prestarase especial atención ás actuacións en zonas de ribeira, así como aos hábitats de interese comunitario e aos hábitats das especies de interese comunitario recollidos nos anexos da lei 42/2007 do 13 de decembro do patrimonio natural da biodiversidade. Terase en conta así mesmo a protección das árbores senlleiras así declaradas en aplicación do decreto 67/2007 do 22 de marzo, e a das especies incluídas no catálogo de especies ameazadas, creado polo decreto 88/2007 do 19 de abril.

Na totalidade do municipio e aplicando a normativa vixente, un total de 849 hectáreas debe realizar a xestión da biomasa para a protección dos núcleos de poboación das distintas parroquias e unhas mil hectáreas no caso do control da biomasa ao redor das casas situadas en solo rústico.

Os datos das referencias catastrais para coñecer os propietarios das parcelas afectadas por esta xestión apórtanse no Anexo REFERENCIAS CATASTRAIS DAS PARCELAS AFECTADAS POLA XESTIÓN DA BIOMASA, en formato dixital.

5.2. Actuación sobre a poboación

Con estas accións preténdese protexer os asentamentos de poboacións e outras instalacións (e así protexer vidas humanas e bens) situados nas zonas de influencia forestal, mediante o control do combustible que os rodea.

Os propietarios das parcelas deberán xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros arredor de calquera núcleo de poboación, edificación, vivenda illada,... de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados na lei 3/2007 e na súa normativa de desenvolvemento. Ademais, nos 50 metros desde a estrema da propiedade non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007.

No municipio, a día de hoxe, no medio rural segue a existir o uso tradicional do lume para acometer tarefas de roza, queima de mato, rexeneración de pastos, etc. Como o resto da poboación rural de Galicia, neste concello existe unha cultura do lume que segue a empregarse sen tomar as precaucións necesarias e ás veces sen obter os correspondentes permisos. Isto leva a que se produzan incendios de grandes dimensións a partir desta práctica, que no pasado, con outra estrutura da vexetación tal vez non traía consigo grande risco, pero que na actualidade co abandono da agricultura e gandería e o conseguinte aumento da biomasa no rural, e o incremento das edificación, provoca situacións de grande alarma, chegando a afectar a núcleos de poboación.

Tendo en conta estas circunstancias as accións dirixidas á poboación estarán principalmente pensadas para a poboación rural, pero tamén para a poboación urbana, sendo prioritarias as seguintes:

-Charlas de concienciación dirixidas a asociacións de montes veciñais, asociacións de cazadores, asociacións agrarias.

A lexislación obriga a moitos propietarios de parcelas con árbores a cortalas para previr e defender os núcleos de poboación dos incendios. Moitos deles non son coñecedores das alternativas silvícolas que teñen na súa man polo que contar cun medio que lles explique como poder aproveitar os terreos con cultivos sustentábel e beneficiosos, por exemplo con formación a cargo de expertos na materia que lles trasmitan o coñecemento dos aproveitamentos máis aló do eucalipto, sería todo un acerto. E por que non, tamén, da xestión plural que se pode facer: produción de froitos silvestres, biomasa,

Formación para erradicar as acacias. Por lei deben cortalas pero seguirán medrando e cada vez de forma máis dispersa e bifurcada. Sería interesante ter a valoración de expertos e estar ao día dos estudos que se realizan sobre a eliminación de estas especies, para saber como erradicalos sen que a corta se convirta nun problema maior. Desta forma poderían coñecer métodos para secar os pés de dita especie por exemplo sen ter que empregar produtos fitosanitarios pouco recomendábel. Neste tema, sería interesante seguir os estudos que se están realizando para

Na actualidade existen xuntanzas de extracción de eucaliptos e acacias en montes comunados nas zonas onde non se quere producir madeira destas especies.

-Actividades de educación ambiental dirixidas á poboación infantil.

Ben é sabido que a educación comeza pola infancia. Por exemplo, a Seguridade Viaria, primeiros auxilios, alimentación saudábel,... a materia que nos ocupa non é menos importante polo que resulta unha moi boa iniciativa a existencia de educación ambiental nas escolas: os docentes moito fan neste sentido pero tamén as charlas dos axentes forestais,

-Charlas sobre as modificacións da lei de incendios e de montes de Galicia

-Roteiros para coñecer os montes do concello e concienciar da titularidade dos terreos dos que nos beneficiamos a poboación en xeral e darlle o valor que lle corresponde

- Formación sobre as técnicas de silvicultura preventiva aos propietarios de montes, estudando as accións que tratan de mellorar as condicións de seguridade fronte ao incendio dos sistemas forestais, e á vez, integradas na ordenación deses recursos.

- Divulgaríanse os beneficios que aporta a conservación das zonas forestais e o medio ambiente, buscaríase potenciar a participación social na prevención dos incendios forestais e dar a coñecer medidas de auto protección nos incendios forestais.

- Explicación do uso dos puntos de auga tan necesarios, a súa importancia e a conveniencia de conseguir ao longo do tempo o seu bo estado. (Non pode acontecer que desaparezan os peches perimetrales destes depósitos

Todas estas actuacións faranse chegar a través de:

-Conferencias e charlas

-Edición de folletos, trípticos, carteis

-Campaña nos medios de comunicación

- Bandos ou notas da alcaldía

Dende a organización do Instituto de Estudos Miñoranos, con sede en “A Casa da Cultura Ponte das Rosas” no concello de Gondomar, xa se fixeron moitas actuacións nestes aspectos. Son moitas as charlas e conferencias, xeiras,.. que organizan durante o ano pero, no tema que nos ocupa, pódese facer fincapé por exemplo nas últimas actividades relacionadas co medio ambiente:

- Curso “A explotación multifuncional do monte. Contribución ao desenvolvemento rural” outubro 2013 organizada coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo.
- Charla-Coloquio “O lume nos montes Galegos” novembro 2017.
- Faladoiro: “A crise das megalópolos e o movemento da nova ruralidade” maio 2017
- Faladoiros IEM “Galicia 2017 – 2020. Presente e futuros”. Problemáticas no territorio.

Moitas comunidades co cambio de directivas e de visión do monte, están mudando os monocultivos por actividades de aproveitamento máis multifuncionais. Así o cambio de especie cara bosques mixtos, produción de madeira de calidade, produción de froitos do bosque, de cogumelos,... actividades cos cativos e cativas para facer de fío conductor entre a veciñanza e o monte,.... Actividades con voluntarios como una forma de conexión entre a xente sensibilizada e a labor que poden aportar ao monte, non tanto por aforrar uns xornais (posto que a man de obra segue sendo contratada) se non por ser una oportunidade para transmitir o valor do monte a persoas que quizais non teñan moito contacto con ela. Tamén para coñecer aos propietarios reais do monte e non pensar que se pode facer una acción no monte sen contar con ditos propietarios. Tralas oleados dos incendios, moita poboación se pensaba con dereito a acudir ao monte e prantar onde lle placera e o que quería, sen contar coas comunidades, os propietarios, con descoñecemento do grave dano de transitar por zonas ardidadas recentemente... por todo isto resulta moi beneficioso o contacto entre propietarios e cidadanía. Colaboracións coa universidade para estudos científicos, por exemplo o estudo da erradicación da acacia.

Que o termo “Deseucalitización” fora o máis empregado durante o ano 2018 acadando o título de palabra do ano 2018 polo Portal das Palabras (Real Academia Galega, Fundación Barrié) pode facer pensar nun pequeno cambio na sociedade,

Moito mudada o monte tralos incendios.



Ano 2007



Ano 2019

Algunhas zonas son irrecoñecíbeis e a paisaxe é desoladora. Quizais, sexa esta, unha oportunidade para levar a cabo políticas forestais máis sostíbeis na que as conciencias dos veciños e cidadáns en xeral tornen cara o ben común no que prevaleza o coidado sobre o valor económico a curto prazo.

5.3 Plan de investigación

Anualmente solicitarase á consellaría competente o parametrizado para contar de primeira man, cos datos dos incendios que se puideran producir e poder estudalos a fin de orientar as actuacións do concello e tamén para elaborar as futuras revisión do Plan de Defensa e Contra os Incendios Forestais.

5.4 Plan de extinción

O concello de Gondomar non conta con plan de extinción.

6 MEDIOS PARA PREVENCIÓN DE DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

6.1 Infraestrutura de vixilancia

O Servicio Contra Incendios Forestais conta cunha serie de casetas de vixilancia en servizo todo o ano ao longo do territorio galego, complementadas con outras en servizo na época de perigo alto. No concello de Gondomar contamos co seguinte:

Punto fixo de Vixilancia nome Galiñeiro.

Identificación	36021001	Nome	Galiñeiro
Distrito	18	Cota Punto	706.00
Concello	GONDOMAR	Cota Vixilancia	710.00
Parroquia	MORGADÁNS (SANTIAGO)	Operatividade	Anual
Lugar	Carballás (O)	Estado	Activo
Coordenadas X	524903	Coordenadas Y	4663997

Fonte: Elaboración propia con datos de Consellería de Medio Rural

Tamén se conta cun equipo de vixilancia móbil na época de verán na Pedra de Campos (Couso), lugar con moita visibilidade para as labores de vixilancia.

A Xunta de Galicia dispón dun número de teléfono gratuito (085) para atender informacións ou denuncias relacionados cos incendios forestais.

6.2 Infraestruturas de defensa

As infraestruturas de defensa pretenden dotar ao medio forestal dunha rede que permita aos efectos da extinción, unha actuación rápida, eficaz no momento de producirse un incendio.

As Infraestruturas de defensa presentes no municipio son:

6.2.1 Áreas cortalume

A partir da fotointerpretación das ortofotografías facilitadas pola Xunta de Galicia (información Xeográfica de Galicia) para a redacción do presente Plan e da fotointerpretación das mesmas determinouse a rede de áreas cortalumes do concello, que conta cunha lonxitude de 18.935 metros.

No Plano XERAL TOPOGRÁFICO plásmase esta información.

6.2.2 Rede viaria forestal

A partir da información do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA) a densidade de pistas principais no municipio de Gondomar é de 111.818 metros.

6.2.3 Rede de hidrantes municipais

